



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 10/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA QUINCE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a quince de xuño de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- PAULA CASTENDA BLANCO
- ALEJANDRO MARTÍNEZ GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA

Non asiste:

- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: CUESTIÓN DE CONFIANZA VINCULADA A APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL, EJERCICIO 2017 (Art. 197.bis.1.a) Lei Orgánica 8/1985, de 19 de xuño).

Visto o acordo do Pleno do Concello, de data 8 de xuño de 2017, polo que se acordou non aprobar inicialmente o orzamento municipal, exercicio 2017.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Visto o disposto no art. 197.bis, apartados 1.a), 2, 3 e 5 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño.

Intervén o Sr.Alcalde, que sinala que a cuestión de confianza é un instrumento establecido na lei ao que pode recorrer o alcalde para superar as situacións de bloqueo no proceso de toma de decisións con transcendencia no desenvolvemento do goberno municipal. así, o alcalde pode plantexar ao pleno unha cuestión de confianza vinculada a aprobación dos seguintes asuntos: o orzamento municipal, o regulamento orgánico, as ordenanzas fiscais e o plan xeral. Como requisito previo para a presentación da cuestión de confianza é necesario que estes asuntos teñan sido debatidos e non aprobados nun pleno anterior. O pasado día 8 de xuño o pleno, cos votos en contra de todos os grupos políticos da oposición e os 2 concelleiros non adscritos, votou en contra dos orzamentos presentados pola alcaldía para o ano 2017. Eu como alcalde ante esta situación tiña dúas opcións, continuar un ano máis cunha prórroga dos orzamentos do ano 2015, que nos impedirían cumprir os compromisos adquiridos cos veciños e os derivados do noso programa electoral, ou utilizar os mecanismos que me permite a lei para conseguir esa aprobación. Ordes merece ter uns orzamentos adaptados ás necesidades reais, que dea cobertura económica aos servizos que se están a prestar e ás actuacións que se están a realizar. Se hoxe se rexeita esta cuestión de confianza, os concelleiros da oposición disporán do prazo de un mes para a presentación dunha moción de censura con candidato alternativo a alcalde. Se neste prazo a moción de censura non chega a presentarse ou presentada esta non prospera, os orzamentos municipais do ano 2017 entenderanse aprobados. Vou a explicar porque o pleno hoxe debe outorgar a confianza ao alcalde, e esta explicación vai a estar vinculada ao noso traballo en menos de dous anos, e tamén ao grao de consecución dos compromisos recollidos no programa co que o partido popular se presentou ás eleccións de maio de 2015. Un programa que se pretende executar no período 2015-2023. Para comezar quero rebater os argumentos das distintas formacións no pleno do pasado xoves. non adscritos. A Sra. Martínez Candal no pleno dos orzamentos preguntou onde estaba o que di o código de bo goberno que aprobou a Femp no que se fala duns orzamentos participativos, pero o que non dixo é que o concello de Ordes non está adherido a este código. Xa a vexo presentando unha moción para o próximo pleno, pero vou a lerlle o seguinte que di o código; aprobación del código de buen gobierno por las entidades locales. La aprobación del CBG por las entidades locales se llevará a cabo mediante la adopción del correspondiente acuerdo de adhesión por el pleno de las respectivas entidades, para facilitar la íntegra suscripción de sus principios y valores por la totalidad de los miembros de la corporación, gobierno y oposición. Non fai falla que lle explique o que vai a pasar se o PP non vota a favor. esta moi ben leer, pero tamén hai que entender. Recoñezo que lle pon interese, pero o mesmo lle vai a pasar en relación coa moción que presenta para o recoñecemento como festa turística no mesón. A proposta é positiva, pero non se vai a poder levar a cabo de momento. No pleno en que presente esta moción explicareille por que. É coñecedora de que o goberno xa estudou esta declaración pero sabe que agora mesmo non é posible. Como ben saberá en España a democracia non é directa, é representativa. os cidadáns elixen a uns representantes para a xestión dos asuntos públicos. É sabe como mellor se fan uns orzamentos parciativos, coñecendo as necesidades dos veciños, falando con eles e tratando de dar resposta a elas. Sabe vostede cantos madrileños participaron na consulta cidadá que fixo o concello de Madrid sobre unhas actuacións concretas, dous centos mil; madrileños con dereito a voto dous millóns setecentos mil, un 7,4%, custe da consulta un millón cen mil euros. Saque vostede as súas propias conclusións, especialmente as económicas. Sabe a impresión que teño dende que vostede abandonou o grupo de goberno, que se equivocou de partido polo que concorreu ás eleccións. A vexo nas próximas eleccións concorrendo non nas listas de UxO, supoño que xa



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

terá comprometido ser a próxima concelleira de obras, urbanismo esperamos seguirá o Sr. González Santos, pero realmente o seu futuro político esta nun partido de esquerdas. Permítame este consello. Agora que non esta no goberno a xestión que este esta a facer lle parece mal, grave nalgúns casos, non se respecta a lei, trata de ver fantasmas alí onde non os hai. Aínda que se actúe igual como cando vostede formaba parte do mesmo, pero como toda crítica que fai vamos a tomala como positiva. Ao igual que o grupo político UxO fai interpretacións erradas das cousas por descoñecemento e mala fe. Crítica o incremento da partida de gastos destinada aos servizos que se prestan de forma mancomunada, crítica o custe do servizo de normalización lingüística cando debería saber se tivese preguntado antes de xulgar que este é un servizo subvencionado, e non hai tal maquillaxe político para xustificar o incremento na realización de actividades superfluas. O servizo de normalización lingüística leva varios anos funcionando na mancomunidade polo que ese incremento da partida de servizos sociais non é para pagar o mesmo. o que vostede cualifica como superfluo para a orde que regula esta subvención é: a dinamización lingüística como o proceso de promoción da lingua que se leva a cabo mediante o emprego integrado de todas as actividades que faciliten este proceso, formación, elaboración do corpus, sensibilización lingüística, co obxectivo de incrementar o uso e o prestixio da lingua galega en toda a sociedade. outro exemplo desa mala fe na intervención do pasado xoves é dicir, non se respecta algunha das peticións do BNG cando veu pedindo na comisión pertinente que o acordo de hermanamento con Veracruz se redactase en galego. Vostede ese día non prestou moita atención a esta comisión pola que cobrou cento cincuenta euros e durou escasos cinco minutos, tampouco prestou moita atención no pleno. O convenio de hermanamento foi redactado polo concello de Veracruz, que pertence á México, onde falan castelán, a copia que se remitiu a Ordes-España foi tamén en castelán, en Veracruz non saben ou non repararon que aquí temos unha lingua propia e que hai unha normativa que regula o seu uso. O que pediu o BNG e que o documento que se asine, asine repito, teña unha copia en galego e no pleno o que se acordou que así se fixese e así se lle vai a comunicar ao concello de Veracruz. e por suposto, así se fará. O campo de fútbol do mesón do vento ao que fixo referencia o outro día, e titularidade do clube, e atópase embargado pola mala xestión no período 2009-2013. Fai meses o concello adquiriu o compromiso de tratar de integrar ese inmovible como patrimonio municipal, figura como equipamento no plan xeral aprobado inicialmente, no momento en que saía a poxa, pero de momento descoñécese a data e a contía pola que se teña que poxar polo mesmo. Aquí non estamos para crear partidas ficticias, senón para ser realistas e aplicar o sentido común. Sra. Martínez Candal, eu non a vou a tutear como fai vostede comigo. Vostede opina que a cuestión de confianza non vai a traer ningún beneficio aos Ordenses, senón desgaste, perda de tempo e inseguridade. ao que teño que respostar que discrepo totalmente. Si que vai a ser moi beneficiosa por que no caso de non presentarse ou prosperar a moción de censura o concello de Ordes vai a ter uns orzamentos cos que poder construír o centro social. O que vostede cualifica de desgaste será para UxO e vostedes os concelleiros non adscritos por que se verá cos apoios que contan para presentar a moción de censura e a resposta que reciben de outros partidos políticos, así como na guerra de declaracións na que van a entrar, e da que nos comprometemos a mantermos a parte desde hoxe mesmo. Pero esta é unha situación que provocaron vostedes e o grupo político UxO, agora asuman as consecuencias. a este xogo da política ao que vostedes lles gusta xogar, comprando ao árbitro tamén sabemos xogar os demais, aínda que nos o que tratamos e de gañar marcando gol, non cun penalti que so ve o árbitro. Non cun fora de xogo que non ve o árbitro. Sr. Manteiga, vostede entregounos en tempo para que puideran informarse polo interventor e trouxo unha emendas a estes orzamentos, e contestámoslle a todas e cada unha das mesmas. Algunhas non son competencia municipal, outras compartímolos pero son imposibles de executar a día de hoxe a falta do documento de planeamento municipal. E a número 4 en parte está atendida, axudas a deportistas, a número 6, está cuberta cunha



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

cantidade incluso superior a proposta, de mantemento de vías municipais, ao igual que parte da número 7 de apoio ao comercio, e a número 8 cunha cantidade idéntica a proposta, co gallo de poder arrancar o viveiro de empresas no centro comarcal. o grado de execución e as modificacións do orzamento, como se lle informou no pleno, van a depender de moitos condicionantes, polo que en ningún caso lle podemos garantir unha resposta que satisfaga a súa demanda. Non me considero capacitado para darlle consellos, pero si me permite, acépteme exclusivamente un no día de hoxe. Sexa vostede mesmo, teña criterio, vote o que lle dite a súa conciencia e non se deixe enganar por quen fracasou unha vez tras outra no pasado. Espero que se non é hoxe, no futuro poidamos lograr acordos en beneficio dos veciños en cuestións de interese xeral. Sr. Vidal Ríos respecto as súas demandas e a súa crítica a política orzamentaria do goberno local. non me cabe dúbida que a nivel orzamentario, vai a ser moi difícil que cheguemos a un acordo que recollendo as diverxencias permita equilibrar as contas municipais. por iso lle recordo que está moi ben propoñer, pero no sucesivo pídolle, sabendo que é meticuloso con todo o que di, que todas esas cantidades que vostede propón incrementar, as xustifique en cifras coas partidas a minorar, que nos quede claro con cantidades o que vostedes consideran innecesario para os nosos veciños, de que inversións desistimos. Non me fale unicamente do centro sociocomunitario que vostede non ve necesario, esa é a súa opinión, fáleme de todas esas medidas que quere poñer en marcha en materia de emprego e impulso da economía con datos e non so con parágrafos cargados de peticións, e faltos de rigor en canto a estabilidade orzamentaria. Na elaboración dos orzamentos están incluídas parte das súas propostas de novembro de 2016, e por suposto tamén partidas para dar cumprimento a rogos e mocións que vostedes trouxeron ao debate plenario e contaron coa nosa aprobación, e non forzados por ese debate, senón porque en casos traballabamos en poder acadalas e compartíamolas a súa necesidade. Vostedes van a converterse novamente con case total seguridade a partir de hoxe na punta de lanza de unha posible inflexión en Ordes. Van ter que elixir entre deixarnos aprobar uns orzamentos e poder seguir gobernando, ou optar por volver a política de gastar por gastar e sen criterio do equipo de goberno que perdeu as eleccións en maio de 2015. Non lle compro por nada do mundo, o que seguramente lles vai tocar pasar nas próximas semanas. O Sr. Regos Boquete falou no pleno anterior dos orzamentos, de loitar contra a desigualdade e o paro. Desenvolvemento equilibrado dende o punto de vista económico e ecolóxico e social. Aposta por políticas de emprego para a integración social. Aposta por axudar á pequena e mediana empresa, aos autónomos. onde esta todo isto nas súas emendas. No centro especial de emprego do que fala no seu comunicado de data 10 de xuño de 2017. Onde esta todo isto nas súas emendas de redución do que vostede chama gastos superfluos cando logo se destina todo a redución de débeda e se carga a regra de gasto do 2017 e do futuro do concello. realmente cree nisto que di. Que fixo vostede durante o seu mandato. De novo pídolle que no seu turno explique por que non tramitou a inclusión do polígono industrial de Pardiñas no plan sectorial de ordenación de áreas empresariais da comunidade autónoma de Galicia aprobado pola xunta de Galicia no ano 2012. Isto si que era apostar polo emprego, polas empresas, polo desenvolvemento económico do concello. Claro, pero para conseguir isto hai que traballar, hai que visitar despachos, non estar sentado na alcaldía esperando que alguén lle resolva o problema. Unha vez máis intervencións baseada en adxectivos e máis adxectivos, grandes frases, vostedes adórnase como os pavos, con intervencións que despois non se traducen en ningunha actuación concreta que permita a consecución do que di que defende. Di que defende tamén os servizos públicos. que municipalizou a piscina climatizada. Por municipalizar entende ter unha gran discusión sen motivo aparente co xerente da empresa que xestionaba a piscina e botar á empresa fora, por que esta é a explicación que da esa persoa de como rematou o contrato co concello nese momento. E voulle dar outro dato, a piscina municipal arroxaba un déficit de uns 40000 euros ano ata o 2015. Hoxe están a cifras cadradas a



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

pesar de regularizar os salarios dos traballadores, a alza, e prestar mais e mellores actividades. Velaí un dos exemplos de xestión que acadamos implantar, certo é, contando coa axuda de persoal de mantemento, usuarios e traballadores que nos indicaron onde estaban as deficiencias. Sra. Marín, un concello accesible, isto non é contar cun ascensor para que as persoas con problemas de mobilidade funcional poidan acudir ao mesmo. Accesible é primeiro que o alcalde estea a entrevistarse, a recibir na casa consistorial a todo veciño que quere facer dende unha simple consulta, pedir información ou que quere formular unha solicitude. Non se lle nega esa posibilidade a ninguén. A maiores o último sábado de cada mes concelleiros do goberno están a disposición dos veciños en horario de 10 a 13 horas. que teima ten agora co arranxo da estrada Ordes-Cerceda por Mercurín. vostedes, o anterior alcalde e o seu goberno foron incapaces de conseguir o arranxo desta estrada. Primeiro non conseguiron que se aprobase a súa execución con cargo ao plan Miner. do mesmo xeito que non conseguiron que se construíse un cartel da garda civil en Ordes. A súa inoperancia fixo que cando chegou a crise a administración do estado recortase os recursos para investimentos en infraestruturas e eliminase as partidas económicas para a realización destas actuacións. Foi este goberno o que conseguiu que a xunta de Galicia incluíse nos seus orzamentos o arranxo desta estrada que na actualidade se esta a realizar. Sra. Marín critica alegremente a aprobación inicial do plan xeral de ordenación municipal. agradezo unha vez máis o apoio do BNG para que este instrumento de vital importancia para o desenvolvemento urbanístico e económico do noso concello puidese iniciar a súa tramitación de cara a conseguir a súa aprobación definitiva no menor tempo posible. Agradezo que non se deixasen levar por criterios de oportunidade política e que puxesen por riba os intereses dos veciños de Ordes, que se comportasen seriamente e non se escudasen para decidir o seu voto nunha acusación infundada de pelotazo urbanístico. Se este documento non se puido aprobar inicialmente pola corporación anterior, non foi por que como din e dirán e seguirán dicindo, eu enganei a unha concelleira, esta concelleira, Sra. Marín, falo de vostede, so se engana cando ela quere e lle convén, xestión pouca, ou por que se atreve a dicir que estaba esperando a que eu lles indicase onde estaban os erros no documento elaborado. Eu non era o responsable da tramitación deste documento, eu non era o que tiña que facer o necesario para que este documento saíse adiante. Se o documento ten erros aí están os técnicos e o equipo redactor para corrixilos. Se non se aprobou antes foi pola soberbia política que caracterizaba ao goberno anterior, ou e que non se estaba disposto a modificar por intereses partidistas ese documento tendo en conta as observacións que fixeron os grupos políticos da oposición. Hoxe falarán aquí de diálogo. Cal foi o diálogo que se mantivo para conseguir os votos para a súa aprobación. reunirse para estudar o documento non é diálogo. Moito menos negociación. Poderase discrepar por que se ten outra visión política das actuacións, dos programas, dos investimentos que se están a realizar, pero todos e cada un deles teñen como único e común obxectivo o benestar dos veciños de Ordes. O actual goberno do concello de Ordes recibiu a débeda xerada polos pola corporación municipal 2007-2015, esa débeda do concello chegou a nove millóns de euros, que como se dirá non pagou o anterior grupo de goberno, a pagaron e a están a pagar os veciños de Ordes. Como xa dixen non pleno anterior levamos pagados máis de oitocentos mil euros en xuros. Cantos proxectos por exemplo en obras de abastecemento e saneamento se poderían ter acometido de non ter que ser destinados unicamente eses cartos ao pago da débeda. o actual goberno, porque somos e nos definimos así, non vai gastar sen criterio endebedando ao concello, imos evitar deixar obras inacabadas, enterrar diñeiro en infraestruturas con defectos de construción ou mal plantexadas dende o seu inicio. Tampouco vai a avergonzarse do que fai, hoxe é un bo momento para que se nos explique porque temos na antiga casa consistorial no despacho do alcalde un cuarto de baño fantasma, escondido detrás dunha parede de pladur. Asumimos a responsabilidade do que facemos. Somos xente adulta. procuramos analizar o que facemos, non actuamos por impulsos, e se nos equivocamos,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

recoñecémolo. Sabemos con case total seguridade que non vamos a obter a confianza, pero o goberno do partido popular esta a conseguir os obxectivos que se marcou no seu programa e continuará a facelo ata o remate desta lexislatura. Agora vou a falar do orzamento municipal para o ano 2017 ao que se vincula esta cuestión de confianza, e que xa foi debatido o 8 de xuño. Como xa dixen no pleno anterior, Ordes precisa o orzamento para poder sacar adiante e asinar un convenio asinado polo pleno que permita construír un centro sociocomunitario, aspiramos a melloras nas instalacións deportivas municipais por mais de 12.6000 euros, investimentos nas vías públicas, a facer constar a renovación de semáforos que xa está executada o día de hoxe, a dotación para poder optar a subvencións moi interesantes como é a de parques empresarias, pero tamén poder dotar de crédito o PEIM, as subvencións do INEGA, ou as de vicepresidencia para infraestruturas, e por suposto garantir o pago dos servizos esenciais dos diferentes colectivos, e proba de iso é o incremento das partidas destinadas a políticas sociais, ou sexa a suma dos gastos sociais, educativos, culturais e deportivos. pois todas e cada unha de esas partidas se ven incrementadas. E non esquezamos a amortización anticipada de débeda e atender os compromisos herdados de obrigas de natureza financeira. Os grupos políticos da oposición poden dicir que non era necesario chegar a presentar esta cuestión de confianza, se o alcalde estivese disposto a dialogar ou negociar poderíase ter aprobado. Dirán que ese diálogo o queren os veciños, que hai que entenderse, negociar. Por que é o que reflexou o resultado electoral ao non acadar ningún grupo político os concelleiros necesarios para gobernar en maioría. Unha vez máis recórdolles que o que quixeron os veciños é que gobernase o partido popular como lista máis votada, que o Sr. Regos Boquete e o seu grupo pasase á oposición. Os veciños tamén votaron por que se respecten as regras de xogo democrático, non votaron por que haxa concelleiros tránsfugas. Que entende parte da oposición por diálogo. Diálogo e romper o goberno municipal e conseguir que dous concelleiros tránsfugas se pasen a concelleiros non adscritos, e busquen mandar en coalición con UxO desde a oposición, incluso defendendo propostas contra os intereses xerais dos veciños e veciñas de Ordes. Diálogo é forzar a aprobación dun plan de obras e servizos que incluía inicialmente obras que non se podían executar, que o plan aprobado inclúe proxectos de obras que na súa execución son incompatibles, dun plan que para a súa aprobación se apoia no voto de concelleiros tránsfugas. Diálogo é convocar un pleno extraordinario para modificar a organización municipal dicindo agora imos a gobernar nos, por que somos a maioría, maioría que dan os dous votos que xestiona a Sra. Martínez Candal. Aprobando unha nova organización municipal que por un lado o que pretendía era entorpecer a labor de goberno e pola outra repartise uns carguños e o máis importante gañar cartos. Pois si, agora vostedes gañan mais cartos que antes. Non o negarán tamén. Como tamén dixen no pleno anterior o tempo acaba dándolle a razón a quen a ten e demostrando que os argumentos que o grupo político UxO e a Sra. Martínez Candal utilizaron para defender esta nova organización municipal unicamente eran para cobrar máis ou non perder os cartos que se estaban a percibir e que ían a desaparecer polo cambio de bancada política. Atención aos datos e as cifras. Como consecuencia das comisións informativas celebradas o pasado día 23 de maio de 2017, para o ditame dos asuntos que se someteron a aprobación do pleno ordinario de maio, tres comisións informativas e unha xunta de voceiros. A Sra. Marín levouse para o pucho seiscentos euros, a Sra. Martínez Candal e o Sr. Caamaño Fraga leváronse para o pucho catrocentos cincuenta euros cada un ao non formar parte da xunta de voceiros. Dirán que tamén o Sr. Vidal Ríos. É certo, pero o Sr. Vidal Ríos votou en contra de todos estes acordos. E todo elo por estar non mais de trinta minutos sentados na alcaldía e levantar a man para votar na maioría dos casos dicindo que se abstiñan para o pleno. Cantas horas ten que traballar ao mes un traballador normal para chegar a esas cantidades. Realmente pensan e poden mirarlle á cara aos veciños que están hoxe aquí no pleno, ou os escoitan pola radio, que realmente mereceron cobrar eses cartos que xa se lles pagaron. No pleno



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

extraordinario de marzo díxosenos por imposición, que agora como eran a maioría ían decidir todos os asuntos, asuntos que tiñan que estudarse nas comisións, que non se lles podía seguir a consultar asuntos nas xuntas de voceiros. A consulta que se facía era para ver se había unha maioría suficiente para aprobar eses asuntos, no caso de ser así iniciar o expediente para a súa tramitación someténdoo ao ditame da comisión evitando a celebración dunha comisión se non se ía a aprobar, evitando así a súa convocatoria e que os veciños tivesen que pagarlles por asistir a ela. Volveranme a dicir que é na comisión onde hai que pronunciarse. Sigo a pensar que ás dez comisións non se pode vir a cobrar, por que estas novas comisións seguen a funcionar igual que antes, pero agora cústanlle máis cartos aos veciños. Tres comisións informativas eran máis que suficientes para garantir o coñecemento dos asuntos que se levan ao pleno, non era necesario ter dez. se se tivese mantido a organización municipal aprobada polo pleno de 29 de xullo de 2015, unicamente se tería celebrado unha comisión informativa e tratados os mesmos asuntos e adoptadas as mesmas decisións, e unha xunta de voceiros. A Sra. Marín tería cobrado 200 euros, e os concelleiros non adscritos 100 euros cada un. 600 contra 200, 450 contra 100. como poden ver as diferenzas son considerables. como escusa dirán que foi un mes excepcional, que non todos os meses vai a ser así e que o que importa é o cómputo global. non. Por que no mes de maio os veciños perderon cartos. perderon que eses cartos que eles pagan cos seus impostos non se destinen a servizos municipais. Coa organización anterior eses cartos non irían a parar aos bolsillos da Sra. Marín e dos concelleiros non adscritos. A Sra. Martínez Candal menosprezou na súa intervención de marzo, na do pleno extraordinario, o traballo das reunións das xuntas de goberno local por que dixo so se votaban os expedientes previamente tramitados polo secretario. Dixo tamén que un pleno daba máis traballo que unha comisión, isto para xustificar cobrar 200 euros. Ao final coa emenda do PSOE, que non tivo o valor de apoiar o pago de 200 euros, aceptou cobrar polos plenos 150 euros. O mesmo que as comisións informativas. Iso si apoiou baixar o importe das xuntas de goberno local, pero non atendeu a miña petición de devolver o cobrado, si realmente consideraba que estaba moi pagada pola súa etapa como membro do goberno local, seguimos a espera. vostede e o Sr. Caamaño Fraga algún mes poden chegar a cobrar máis que algún membro do goberno municipal. Estou seguro que está encantada con esa situación. Non me cabe a menor dúbida, cobrar e non traballar, que traballen outros, e aínda por encima a ver si son capaz de que unicamente fagan o que eu lles obrigo. Diálogo é tratar de imporlle ao alcalde a forma de tramitación dos contratos menores sen ter en conta as competencias que ten o pleno en materia de contratación, e iso co argumento falaz de que hai que ser transparentes, cando foron transparentes os gobernos anteriores. O que se busca unicamente é entorpecer a labor do goberno municipal, por que ese é o obxectivo principal desta pinza política que pretende evitar como sexa que o partido popular poida gobernar e poida gañar as próximas eleccións municipais. Diálogo é propor unha baixada de impostos sen criterio, incluíndo o argumento de que o pide o presidente da Xunta de Galicia. Recórdolle unha vez mais que o Sr. Feijoo pediu introducir bonificacións para favorecer o emprendemento. a baixada de impostos proposta é certo que beneficia aos veciños, pero o que realmente persegue e logra e causarlle un roto ao orzamento de ingresos municipal para que o goberno non poda prestar servizos e renunciar a determinadas actuacións municipais. Diso falaremos nas próximas semanas. co mesmo obxectivo que no suposto anterior. O concello ten aprobados impostos que si inciden directamente no emprendemento. O ICIO, para o que traía unha proposta bastante máis razoable o grupo BNG. Diálogo é presentar unhas emendas o día anterior do pleno ao orzamento municipal, a menos de vinte e catro horas, ilegais e completamente insensatas, sen criterio. que novamente o único que pretenden é entorpecer a labor de goberno municipal. Pero que o que realmente provocarían e un grave problema económico ao concello de Ordes. Con estas emendas non se esta a xogar co goberno do PP, estase a xogar co concello de Ordes. Algo no que non se pararon a pensar, por que so ven unha cousa, que é que hai que votar fora do



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

gobierno municipal ao PP. Por todo o anterior non se me pida diálogo, negociación, eu o que lle pido a vostedes é respecto polas institucións, polo funcionamento democrático do concello. Respecten o resultado electoral. As eleccións gánanse traballando polos veciños, non é necesario recorrer a concelleiros tránsfugas para poder facer oposición. O grupo político UxO estivo desaparecido do pleno ata que apareceron os concelleiros non adscritos. Vexan as actas, vexan cal foi o seu traballo. O partido popular chegou ao goberno, obtivo sete concelleiros, ofrecéndolles aos veciños un programa político, outra forma de gobernar. Os que teñen que recorrer a concelleiros tránsfugas, mercadeo de votos, presións, buscar entorpecer a labor de goberno, o de conseguir, xa o veremos, ...etc. teñen que saber que son uns fracasados políticos. Estou aberto á crítica política, a que se esixa que se governe ben, que se poñan de manifesto os erros que cometemos, os incumprimentos do programa que facemos, pero que isto sexa por que se esta a perseguir a defensa dos intereses dos veciños e non para chegar a mandar, que non é o mesmo mandar que gobernar. O segundo está mais que demostrado que varios de vostedes carecen dos valores necesarios para facelo con un mínimo de dignidade. Vou a facer unha mención especial a chamada ao diálogo que fixo a Sra. Martínez Candal no anterior pleno. Recórdolle o que di o pacto antitransfuguismo asinado por o partido político ao que represento, que sinala: así mesmo comprométense a impedir a utilización de tránsfugas para constituír, manter activamente ou cambiar as maiorías de goberno das institucións públicas, a non apoiar ningunha iniciativa que proveña dos mesmos. Así, queda claro, que nos non vamos a negociar nada con vostede que me permita alcanzar unha maioría para aprobar un proxecto que sexa presentado polo goberno municipal. Si que vou a apoiar aquelas iniciativas que vostede presente que primeiro concorden co que defende este grupo político e segundo sexan beneficiosas para os veciños de Ordes. E a maiores non vou a negociar nada cuns concelleiros que no mes de xaneiro aínda formaban parte do goberno municipal. Eu teño un respecto pola política, polos compañeiros que me axudaron e apoiaron para ser alcalde de Ordes, por todos e cada un de eles, por suposto, polos veciños que nos votaron, tamén polo partido político que represento, e especialmente pola miña persoa e pola miña familia, a que non vou a por en situación de que se teñan que avergoñar de min. Por todo isto, e polo que de acordo cos meus compañeiros, someto o orzamento municipal do ano 2017 a cuestión de confianza. pois entendemos que non estamos aquí para ocupar sillóns, senón para atender as necesidades dos veciños, e en este momento acollémonos a un dereito da lei que poida facer posible que Ordes teña orzamentos e cos mesmos poidamos atender parte das necesidades da veciñanza, e paralelamente dar cumprimento ao noso contrato, o noso programa electoral.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que o Sr. Alcalde segue a xestionar sen cambiar nada. A mensaxe das urnas non era que vostede seguise facendo o mesmo que facía o Sr. Regos Boquete. A súa única revolución foi a das aparencias, alardear nos medios do que non é seu, como por exemplo a senda da Brea, e agochando o que non lle convén que se saiba, manipulando a opinión pública. Estamos nunha moción de confianza polo seu propio empeño por que vostede entendeu que era o mellor camiño para os seus propios propósitos. Exerce a autocrítica e di que é responsable do que sucede, é responsable de ter confiado en vostede. Por que o único que sabe é facer ver outra cousa, desviar a atención do que realmente importa. Os feitos hai están, e por desgracia aínda ten cara para ir soltando perlas descualificativas ás que nos ten acostumados. Imposibilita un acordo se non é capaz de ver o valor que lle aportaría aos orzamentos incluír propostas ou parte das propostas da oposición, é



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

esta vostede cego, non quere que se fagan as cousas, ou por que so o sabe facer á súa maneira. Xa sabe que prefire que se vaia a casa pero está seguro de que aquí seguirá. Soberbia sóbralle a vostede. Sabemos como se as gasta, con este escarnio público ao que nos está acostumando. Non podemos darlle a nosa confianza porque vostede se encargou de difundir que os traidores somos nos, por que carece de sensatez e de prudencia para poder ver que o que traizoa é vostede con tanta falta á verdade, con tanta manipulación nos medios e tanto intentar descualificarnos. Non lle ven a nada dicir por activa e pos pasiva que o acordo plenario de baixada de impostos é ilegal. Recórdalle que ten un prazo para recorrela de dous meses dende a data do pleno que foi o 26 de maio de 2017. Recurrao se de verdade é ilegal é que o tribunal dite sentenza. Este acordo non se trataba dun capricho, senón na opinión fundada ao que din os informes dos técnicos. Nos apoiaremos cada proxecto do concello se ven precedido dun diálogo, un contraste de opinións de todos os compañeiros da corporación. Buscarán solución e consensos nos proxectos que sexan de interese da maioría dos cidadáns. Por que así é a nosa obriga e máis a súa. Están dispostos a dialogar e negociar sobre todos os asuntos. Puxo o marcador a cero forzando esta moción de confianza. Correspóndelle buscar a estabilidade do concello. Vai a estar un mes en funcións. Espera que reflexione e aproveite para buscar camiños comúns. Dependerá da súa vontade, e a súa responsabilidade gañarse a confianza de dúas persoas que se desenganaron con vostede. Nestes momentos non lle outorgamos a confianza por que non a merece. Pretende gobernar entre fotos e entrevistas nos medios, como esta moción de confianza que o único que provoca é desconfianza actuando de forma sectaria. É vostede incapaz de ter a web de transparencia ao día, ten o perfil do contratante sempre sen actualizar, entrega as actas de xunta de goberno sempre con retraso, a sabendas de que incumpre a lei de transparencia. Vai soltando a información a contagotas. Tanto ten que ocultar. Os contratos menores adxudicados dende 2015 por que non están publicados na web. Debería ir mirarse, descualifica regularmente as nosas peticións mediante informes dos técnicos. Debe recordarlle que ela estaba presente nunha reunión cunha conselleira en outubro de 2015, na que solicitaba amablemente que os informes sobre unha ra fosen positivos. Deixe a demagogia por que a ela non a engana. Ela xamais oía falar dunha ra e de ningún vertedoiro. Resulta que no ano 2016 saltou o tema do vertedoiro e agora quere facer ver que os técnicos inclinan a súa interpretación dun xeito ou outro cando todos sabemos que isto funciona así, de sempre. Deixe de manipular a opinión pública encomiándose nos medios e controlando o que os medios sacan á luz. Por que os veciños de Lesta van a acabar sabendo que vostede lles tomou o pelo. Xa manda o aviso. O Sr. Alcalde ten previsto que a licenza par o vertedoiro veña despois da súa maioría absoluta que terá no 2019. Fai gracia que despois de que consiga enganar salvaxemente aos veciños, despois do teatro que montou naquel pleno na que todos aprobamos por unanimidade o rexeitamento do vertedoiro, é vostede capaz de poñer moi boa cara por diante e por detrás estarnos vendendo. Eu nesa ocasión e noutras tantas expliquei aos compañeiros que un vertedoiro de residuos de obra non era viable economicamente e que indudablemente todo apuntaba a que era unha tapadeira. Isto o saben todos os compañeiros do goberno por que vostede mesmo nolo contou a todos. Non deixa de ser singular que de seis compañeiros seus, catro escolleron arrimarse ao sol que máis quenda, cada un é libre de escoller, pero resulta que tamén saben calar cando toca, como cando concelleira Ana Soneira foi a entregar un sobre en man, un donativo para poder lavar a cara diante dos veciños de Lesta. Saben calar para tentar aguantar dun goberno que vostede tilda de equipo, cando exerce o autoritarismo as vinte e catro horas do día. Así non se exerce o liderado democrático, culpando a todo o que vostede considera adversario político e pretendendo exercendo a alcaldía como se ostentase unha maioría absoluta da que non dispón. É preocupante a súa actitude por que é un augurio do que nos espera a todos os ordenses. Unha actitude que ela lle anima a que deixe de lado e a mude por unha actitude negociadora. Están dispostos a negociar sempre que sexa necesario. Mentres estivo no goberno quixo facer o seu traballo de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

xeito responsable, pero sempre tiña os límites que vostede me impoñía. Como por exemplo a dirección de obra, que a día de hoxe segue a levarse a cabo de xeito ilegal. É responsabilidade do concello pagala e contratala, con total independencia dos contratistas. Deu traslado da irregularidade tanto ao secretario como a vostede, e incluso a un membro da oposición que lamentablemente xa non se encontra entre nos, quen se amosou totalmente de acordo en modificar a dirección de obra. Outro límite que vostede me impoñía era na elección das empresas ás que se invitaba nos procedementos negociados sen publicidade. Desacordo que lle amosou na primeira licitación que se fixo, deste xeito. Debe recordar o 5 de agosto de 2015, tan so un mes despois de haber entrado no goberno. Tivemos un enfrontamento por que vostede impuxo convidar a unha das empresas que tanto había criticado durante as eleccións, e que precisamente non é unha empresa de Ordes. So podo defender un negociado sen publicidade sempre e cando sexa para salvagardar os intereses das empresas ordenses. Isto quere dicir darlle prioridade ás empresas do noso concello. Que sexan as empresas do noso concello as que sexan convidadas aos procedementos negociados sen publicidade. Trata vostede de facernos ver que se trata da urxencia das obras. Cando realmente se trata de darlle prioridade a unhas empresas sobre outras, que vostede se empeña en darlle prioridade a algunha que é de fora do concello. Recordo que o propio Sr. Recouso Liste se enfrontou a vostede por que non era lóxico que nun mes vostede esquecese todo o que prometeu. Aí é onde se lle viu o talante cando vostede me dixo cos ollos desorbitados que o Sr. Recouso Liste era moi político. Por moito que vostede trata de presumir de que contaba co aprobamento do que foi o mellor político de Ordes, el mesmo me confesou o día antes de finar que o que se fixo nestas últimas eleccións foi cambiar de caras pero non de política. Volvendo a Lesta vostede pretende nun cumprir un acordo plenario de febreiro no que se acordaba investir a totalidade do plan marco na parroquia de Lesta. Tómase a xustiza pola súa man facendo o que di entra dentro da súa competencia. Pero tamén dentro da súa competencia tamén entra formalizar un recurso contencioso-administrativo nos dous meses seguintes ao acordo plenario. Se vostede quixera cumprir coa legalidade que non é o caso, incluso pretende acusarnos aos demais de adoptar acordos ilegais, vostede debería cumprir os acordos plenarios e se non está de acordo recorrelas. Cousa que non fixo polo que debe vostede investir o plan marco na súa totalidade en Lesta. Quere dicir que isto do que fala é pola indignación que lle causa o despropósito que vostede pretende cometer coa parroquia de Lesta, xa que en Poulo investiu tanto nas inmediacións do local social, como no saneamento de Lavandeira, como no camiño da Costa a Poulo, ademais do albergue que esta previsto, o polígono industrial de Pardiñas, a marquesiña da Calle. Canto investiu en Lesta Sr. Alcalde. Aí é onde se ve o plumeiro no criterio nos investimentos. Tiña vostede a responsabilidade de traer aquí un orzamento negociado e dialogado con todos os grupos, pero fai cero autocritica hacia o seu autoritarismo, a que espera para asumir esa responsabilidade. Vostede mantén un contrato de obra que esta asinado dende o 29 de setembro de 2016 e tivo os viais sen asfaltar ata esta semana, e andou rebacheando neles por pura ignorancia en materia de obras da Deputación, por pura ignorancia. Vostede pretende modificar un proxecto sen traelo para a súa aprobación no pleno e sen o visto bo da Deputación e mentres os veciños andiveron polas pistas sen arranxar. Ten delito que intente sequera modificar un proxecto en execución cando as bases da Deputación non o permiten, facéndoo a sabendas, iso chámase prevaricar. Por si non o sabe prevaricación é un delito que consiste en que un servidor público dite unha resolución arbitraria nun asunto administrativo a sabendas de que dita resolución é inxusta ou contraria á lei, é comparable ao incumprimento dos deberes do servidor público. Dita actuación é unha manifestación dun abuso de autoridade, está sancionada polo dereito penal e busca a protección tanto do cidadán como da propia administración. O delito debe ser cometido por un servidor público no exercicio das súas competencias. Xa adianto que non acuso, senón que o aviso para que deixe de cometer irregularidades deste tipo, por que xa mediante un rogo avisei de que non



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

podía modificar o proxecto mencionado sen os requisitos da Deputación, e parece que non quere atender á razón, polo que o segundo aviso vai nesta moción de confianza na que me remito ao trasladado pola Xefa de Plans da Deputación. O Alcalde ten a facultade de poder modificar o 10%, pero sempre con aprobación plenaria previa e despois da Deputación. Máis do 10% xa non se pode sería un novo proxecto. O feito de que estea adxudicado non cambia nada. Así que Sr. Alcalde debo pedirlle que rectifique e se quere modificar algo pase primeiro polo acordo plenario correspondente, xa que lle parece que os proxectos financiados pola Deputación son iguais aos do concello, e non é así, por moitas competencias que vostede queira ter, o que acaba sendo é un incompetente pola actitude de soberbia e de non querer escoitar aos demais Somos valentes para enfrontarnos a un poderoso que nos intenta facer tontos. Nunha reunión que se mantivo no Mesón do Vento dixo vostede que non se podía baixo ningún concepto deixar establecida unha zona industrial ou comercial nas inmediacións da central, nin en Leira, nin en ningún outro lado que non fose en Poulo, sen embargo aseguroulles a todos que se houbese algunha empresa que estivese interesada en establecerse alí, vostede conseguiría establecer solo industrial na zona no prazo dun ano. Viva a maxia, pídelle que nos explique como se fai. Foi moi mal compañeiro por non terlle contado como se fai o truco, igual practica hoxe a amabilidade e nolo explica. De paso explique tamén a súa obstinación con ese plan xeral xa que na aprobación do mesmo nos usou para levantar a man. Explique esa obstinación de querer votar por terra unha alegación de veciños con respecto ao solo industrial. O que había que facer era sobrepor os planos do plan xeral sobre os planos das normas actuais e así que todos comprobasen onde están as diferencias. A quen se lle concede prioridade para aumentar solo de núcleo rural e solo urbano. E así poderíamos opinar todos de verdade ademais de practicar a transparencia que tanto dixo que ía practicar no programa electoral. Non é capaz de dialogar e pactar por que prefire bloquear e ir de vítima prexudicando así aos ordenses. Non é capaz de facer nada para cambiar a tendencia da taxa de desemprego de Ordes. Ten demostrado que carece de sentido común traendo hoxe aquí a outro pleno as vergoñas de Ordes.

Intervén o Sr. Secretario, en relación coa intervención da Sra. Martínez Candal sobre a tramitación da modificación dun proxecto técnico dun contrato de obras de Plans Provinciais, que sinala que está a confundir o que é a tramitación na aprobación do Plan co que é a tramitación unha vez aprobado o Plan e adxudicadas as obras e existe un contrato. O día que presentou o rogo no que facía a mesma argumentación entregóuselle unha copia do prego de cláusulas administrativas particulares. É certo que fala da modificación do 10%. Cando existe un contrato asinado e se está executando a obra, se é necesario facer unha modificación do contrato quen a fai é o órgano de contratación que é a Xunta de Goberno Local. Se llo pregunta e llo explica á Xefa de Servizo de Plans da Deputación como é, ela vai a dicirlle exactamente iso. Incluso pode falar co anterior grupo de goberno se facían modificacións de contratos de obras dos Plans Provinciais a través do órgano de contratación. Se entra dentro dos supostos de modificación que están contemplados no prego de cláusulas administrativas particulares é o órgano de contratación o que aproba a modificación. Por exemplo, concedeuse unha subvención para a modificación das obras da rúa dos Lagartos concedida a través dun convenio, aprobouse o proxecto técnico, se quixo facer unha modificación antes da contratación das obras variándose con respecto ao inicial, si que se enviou á Deputación para aprobación desta modificación, unha vez aprobado vai a procederse á súa contratación. Non é o mesmo suposto. O que quero que entenda que si é un suposto de modificación do contrato con arranxo aos pregos de cláusulas administrativas particulares, que son os aprobados pola Deputación Provincial. É o mesmo en todos os contratos administrativos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que dende o PSOE de Ordes deben criticar a total falta de diálogo dun goberno en minoría. Cando o sentido común di que é preciso e negociar vostede se agacha e goberna por decreto e imposición. Esta moción de confianza é a constatación do fracaso do Sr. Martínez Sanjurjo como Alcalde, a constatación da súa total falta de diálogo cos veciños e dun intento de gobernar, xa non a favor dunha minoría de veciños, senón en contra da gran maioría de ordenses. Perdeu a confianza de todos os veciños de Ordes representados neste pleno municipal. Que once concelleiros de catro grupos municipais diferentes lle digan non aos seus orzamentos é algo que demostra que vostede non ten a confianza deste pleno. Esta nunha absoluta minoría, de cinco concelleiros en vez de dialogar e buscar o acordo para facer uns orzamentos para todos os veciños, vostedes optan polo illamento e a confrontación. Tentando utilizar artimañas para poder conseguir os seus intereses, aínda en contra da opinión da maioría dos veciños. Tamén perdeu a confianza das socialistas pola cantidade de veces que se negou a cumprir os compromisos adquiridos no pleno. Dixo que confiáramos que nomearía filla predilecta a Isabel Zandal, pero ao final tivemos que ser os socialistas os que lle fixemos o traballo. Dixo que confiáramos en que poría en marcha o camiño escolar seguro, non moveron un dedo para por en marcha unha medida que é un éxito noutros concellos da contorna. A semana pasada pedíame que confiase na súa palabra, que moitas das nosas demandas tiñan acomodo nos seus orzamentos e ao día seguinte estaba dicindo nos medios de comunicación que pedíamos ilegalidades. Agora resulta que pedir unha partida para a promoción e apoio a emprendedores é ilegal, pedir unha campaña de promoción do comercio local é ilegal, pedir melloras nas estradas e nos alcantarillados nas parroquias tamén é ilegal. Non, non confiamos en vostede, nin no seu equipo de goberno e moito menos nestes orzamentos que non son os que os veciños de Ordes necesitan. E incluso perdeu a confianza dos seus compañeiros de partido que son os que mellor o coñecen e tampouco confían en vostede.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que van a facer un pequeno resumo de por que no anterior pleno no que se debateron os orzamentos municipais o seu voto en contra. Non se propoñían medidas para mancomunar o guindastre municipal, mancomunando este servizo cos concellos de Cerceda e Oroso poderíase abaratar o custe deste servizo para o concello de Ordes. No mes de novembro cando se nos pediu que presentásemos propostas para os orzamentos municipais, unha delas era crear unha bolsa de subvencións para deportistas destacados coa súa correspondente ordenanza. Analizados os orzamentos a bolsa ten a ridícula cantidade de 3.000 euros. Un concello como Ordes e vistos os éxitos deportivos nos últimos anos o importe debería ser superior 15.000 ou 20.000 euros. O viveiro de empresas é unha medida que levamos demandando dende a lexislatura 2007-2011. No orzamento hai consignada unha partida para a súa posta en marcha de 20.000 euros. Cifra escasa e ridícula para por en marcha esa actividade nesas instalacións. Dispoñemos de toda esa superficie construída, so hai que adecuala minimamente para a súa posta en marcha. Servizo que pode crear riqueza, que pode diferenciarnos de concellos de arredor. Dende o ano 2014 en que se formalizou a reversión do edificio segue alí enchéndose de teas de araña. En varias ocasións propuxemos neste pleno sacar a concurso a xestión da cafetería do Centro Comarcal, é unha medida que teñen solicitado veciños que están interesados en collelo. O Sr. Alcalde segue empeñado en que mentres que non se abran a totalidade das instalacións a cafetería non sairá a concurso. Co concurso conseguiríanse uns ingresos, daríase un uso á instalación que en desuso se deteriora e se crearían varios postos de traballo. O técnico deportivo ten un custe de 21.500 euros, 15.000 subvencionados pola Deputación, que debería estar organizando as ligas locais de fútbol sala e pola que se paga 1.000 euros a un clube deportivo do concello, que debería crear máis ligas e incluso nas parroquias. A recadación no IBI nos orzamentos municipais ascende ano a ano,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

neste proxecto de orzamentos novamente volve a subir. Algo recorrente que levamos pedindo varios anos, a recadación dos tributos municipais, o concello de Ordes segue a pagarlle á Deputación Provincial 160.000 euros por esa recadación. Antigamente no concello estes tributos municipais se recadaban co persoal do concello. Non é unha medida imposible, o concello de Ames o ano pasado repescou ese servizo. O cartel da garda civil, foi o alcalde o que o diminuíu 20.000 euros ano, diñeiro que estamos a perder nun local que custou 400.000 euros a súa compra e adecuación e que era para ser destinado inicialmente para a policía local. Volveren as obras faraónicas, o centro sociocomunitario, o vemos unha medida interesante, si pero non así. Non é preciso gastar 600.000 euros de fondos públicos na construción dun novo edificio no campo da Feira, so hai que organizar os recursos de que dispoñemos. A antiga casa consistorial segue sen rematar, deberían centrarse os esforzos en rematar esa obra. unha vez rematada o arrimo poderíase baleirar, centralizando todo na casa consistorial, destinando ese edificio a centro sociocomunitario, non é preciso un novo edificio. Hoxe nos atopamos ante unha cuestión de confianza, o PP, o Alcalde nos pide que teñamos confianza para a aprobación dos orzamentos, incluso na súa xestión. Van a analizar a xestión destes dous anos de lexislatura. Na campaña electoral prometeron que cando chegasen ao poder ían a levar a cabo unha auditoría das contas do concello. Non se levou a cabo, segue sendo un incumprimento. Tamén prometeu baixar o IBI e o ICIO un 10% mínimo. A día de hoxe o IBI non baixa, sobe, votaron en contra no 2016 dunha medida que propuxeron para a súa conxelación durante toda a lexislatura. 15 de maio de 2015 no facebook do PP Ordes puxeron que querían un concello transparente, sen favoritismos, todas as adxudicacións se farán mediante concurso público. Este goberno segue abusando, empregando o procedemento negociado, sen publicidade por razón da contía, invitando a tres empresas a que presenten unha proposta a unha determinada actuación. Hoxe está máis que comprobado que non é así. As estadísticas indican que está a baixar a poboación dende que chegaron ao goberno no 2015. En febreiro de 2016 en plena crise do sector téxtil o Sr. Alcalde saía na prensa demandando un plan estratéxico de dinámicas que contribúan ao reforzamento do sector téxtil, ano e medio despois pechou Viriato, Deus, do plan nin rastro, non pelexou o suficiente na Xunta para que en Ordes se levase a cabo, non tivo a suficiente capacidade negociadora. A CIGA ven de presentar unha serie de propostas que se debaterán no próximo pleno ordinario, agarda que a Corporación teña a suficiente altura de miras para que as apoie. Pavillón Campomaio xa o avisamos cando sacou a licitación de que o proxecto non dispoñía de sistema de ventilación, sistema que se pide a calquera instalación deportiva, incluso ás privadas cando solicitan licenza para a súa actividade. A redacción do proxecto técnico foi por un técnico de fora de Ordes que non sabemos se responde a algún favor por servizos na campaña electoral. Catastrazo a través do procedemento de regularización catastral en Ordes, anunciado no BOE de 22 de febreiro de 2016, non tiveron a suficiente capacidade de que ían chegar expedientes descoñecendo a xente en que consistía e non preveron a contratación de xente para atender as dúbidas para axudalos a defenderse, para pagar o xusto, polo realmente construído. Pista de xeo, aínda que di que estamos en contra, escandaliza a máis xente da que cree, 21.000 euros a unha empresa que non é de Ordes, que leva a recadación íntegra 2.900 entradas a 6 euros a maiores do que paga o Concello, que tamén lle pagou o carburante e xerador das instalacións. Outra cousa é que a empresa fixese negocio sen custe para o concello e pagando as correspondentes taxas por ocupación de vía pública. Non é unha empresa de outros feirantes. En outubro de 2016 acordaron pagar 109.000 en facturas de exercicios de anos anteriores que non foron fiscalizados no seu momento pola intervención municipal, nin foron obxecto dos trámites precisos para a súa contratación segundo a lei de contratos do sector público. Por todo isto non podemos votar a favor da cuestión de confianza que nos pon por riba da mesa.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que pensaba que o ton do alcalde hoxe ía ser diferente, polo menos de cara ao grupo maioritario da oposición, segue sendo o mesmo, pensou que ía vir con maior humildade, para modificar na medida do posible a nosa opinión. Ve que vostede ven cun ton no que parece que so cobramos os de UxO polas comisións, polos plenos que vostede convoca. No pasado pleno do día 8 de xuño cando se debateron os orzamentos era o lugar onde se tiñan que ter debatido, votado esas emendas. Pero vostede aplicando de forma, que entendemos ilegal, o artigo 53 do regulamento orgánico do concello, que fai referencia ao debate das mocións e non ao debate do proxecto de orzamentos, impediu o seu debate e posterior votación. Ese artigo 53 reformado con referencia expresa ás mocións dos grupos políticos, fai referencia a iniciativas que non pode equipararse a un proxecto de orzamentos. Os orzamentos non se traen ao pleno por que un de repente teña a iniciativa de traelos, non ocorre o mesmo coas mocións que si son iniciativas e que si son ás que se refire o artigo 53 do regulamento orgánico, aceptando ou non as emendas que haxa ás mesmas. En todos os concellos se permite o debate e votación das emendas aos orzamentos. Como se fai en todas as institucións do estado, nos parlamentos autonómicos, no congreso. Onde sempre se permite o debate das mesmas. Ao impedir o debate e votación vostede esta a vulnerar o dereito dos concelleiros a poder participar con todas as garantías nun debate tan fundamental como é o dos orzamentos municipais. Esta actuación ademais de vulnerar a lei infrinxe a doutrina do Tribunal Constitucional que en sentenza de 9 de xuño de 2016 deixou meridianamente claro este dereito dos membros da corporación a poder presentar e debater propostas alternativas aos orzamentos. No pleno pasado presentamos unhas emendas que xa estaban recollidas na proposta presentada por UxO para ser incorporadas nestes orzamentos no mes de maio de 2016. Nesa data presentamos oito propostas para ser incluídas nos orzamentos, entre elas estaban a modificación das bases de execución e o anexo de persoal, que en ningún momento dende fai máis de un ano que as rexistramos se nos dixu que fosen ilegais. Son unhas emendas que veñen a recortar 618.000 euros que propoñemos destinar a amortizar débeda. Pretende dotar de maior transparencia a contratación do concello. Algo que vostede sempre nos criticou que agora vostede ten a oportunidade de emendar. Así como o recoñecemento da antigüidade dos traballadores municipais e dotar ao concello dos postos de traballo necesarios para a mellora das prestacións dos servizos públicos. Así mesmo, nesas propostas que presentamos en maio de 2016 estaba a realización de obras de abastecemento e saneamento en diferentes parroquias, o arranxo de dúas pontes, unha partida de 50.000 euros para erradicar vertedoiros incontrolados, dúas pistas de tenis na cidade deportiva, o reparto proporcional de axudas económicas ás asociacións deportivas e culturais, segundo as actividades que realizan e o seu impacto socioeducativo. A creación de becas á estudantes que se desprazan como complemento ao transporte metropolitano e a creación dun centro especial de emprego para as persoas con diversidade funcional. Esas foron as nosas propostas, das cales a modificación das bases de execución dos orzamentos, as referidas aos capítulos de gastos e de persoal as desenvolvemos en maior medida e dada a súa transcendencia as trouxeron ao plenario coa intención de que foran debatidas e votadas por todos os membros da corporación. Cal foi a resposta Sr. Alcalde, a resposta por parte deste executivo foi a censura, falta de negociación. Falou a Sra. García Gómez co noso compañeiro o Sr. González Santos dos orzamentos, e quedaron que en dúas semanas, máis ou menos, iamos presentar estas emendas, nos retrasamos, pero o Alcalde convocou o pleno antes incluso de poder rexistralas e de que se cumprise o prazo de dúas semanas. Por esperar un par de días máis e celebrar o pleno non tería pasado nada. Hoxe o que deberíamos analizar é por que hoxe estamos nesta situación. Estamos pola súa incapacidade para dialogar e intentar chegar a acordos cos demais grupos da oposición. É significativo que doce compañeiros da oposición de diferentes grupos políticos opinemos o mesmo en canto á súa incapacidade de negociar, representa menos dun terzo da corporación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

Nos gobernamos durante oito anos en minoría, en coalición e con acordos puntuais con diferentes forzas políticas, co obxectivo común de mellorar o noso concello e a calidade de vida dos nosos veciños. Vostede en dous anos xa perdeu a dous compañeiros de grupo e cos demais segue sen ser capaz de chegar a acordos en temas tan importantes como é a aprobación destes orzamentos. Leva dous anos sen ser capaz de sacar os orzamentos adiante, esta vostede a traballar cos orzamentos prorrogados dende o ano 2015. Vostede en máis dunha ocasión nos recorda que foron os veciños de Ordes o que o puxeron aí. O puxeron para gobernar, non par ocupar un sillón. Opina que foron as circunstancias. Como está en clara minoría, gobernar supón falar, gobernar supón dialogar e non impor e estar con este ton todas as veces que vimos aquí a este pleno. Vostede quere cumprir o seu programa político electoral a costa dos demais grupos políticos desta corporación. As urnas non lle deron a maioría. Na negociación, no diálogo, aínda que iso supoña a modificación do seu programa electoral, aí están as claves para sacar adiante un asunto tan importante como son os orzamentos que deben de beneficiar a todos os veciños. Ao noso modo de ver o que vostede nos plantexa hoxe aquí é unha imposición máis como outras ás que xa nos ten acostumados. Somete os orzamentos a unha cuestión de confianza, uns orzamentos que non negociou, coa seguridade de que dentro dun mes os vai a aprobar si ou si en xunta de goberno local. Enquistando aínda máis unha situación de falta de comunicación e demostrando novamente o seu autoritarismo, a súa falta de autocritica e o seu talante democrático. Como van a aprobar uns orzamentos si tan sequera se nos chamou pola súa parte para intentar chegar a un consenso. Debera facer varias reflexións, primeiro que non ten maioría, en segundo lugar que ten que chegar a acordos cos demais grupos, e por último que a humildade debería ser unha característica da súa xestión diaria. O seu comportamento en canto aos orzamentos é censurable, gobernando a golpe de decreto e vulnerando os dereitos dos concelleiros e grupos políticos que aínda que diversos e plurais coincidimos neste caso coa non aprobación duns orzamentos que en minoría vostede quere aprobar en xunta de goberno. Durante estes días unha compañeira recibiu avisos e reproches por parte de algunhas asociacións logo de que o alcalde lles dixera que non ían a poder recibir as axudas económicas prometidas polo seu voto en contra dos orzamentos. Iso non é certo. Nunha comisión informativa se dixo que pequenas axudas se poden traer aquí a aprobación a través dunha modificación de créditos, outra cousa son os 148.000 euros destinados ao centro sociocomunitario. Deixe de mentirlle aos veciños, asuma a súa responsabilidade, deixe a un lado o autoritarismo e reflexione por que cando doce compañeiros de dezasete están en forma da xestión de un alcalde neste tema e noutros moitos como se ve pleno tras pleno algo debe de pasar. Vostede non ten a razón ou todos os demais estaremos equivocados, ao mellor Sr. Alcalde é que o equivocado é vostede.

Solicita intervir o Sr. Secretario, en relación coa aplicación do artigo 53 do regulamento orgánico municipal, que sinala que a estrutura do regulamento fala primeiro das intervencións, seguidamente fala das votacións. Artigo 45, regula as formalidades, artigo 46, adopción dos acordos, artigo 47, carácter persoal e indelegable do voto, artigo 48, sentido do voto, artigo 49, tipo de votacións, artigo 50, votación ordinaria, artigo 51, votación nominal, artigo 52, votación secreta, artigo 53, cómputo de voto e o resultado. Non hai un artigo que regule a votación das emendas. Salvo que a Sra. Marín Pereiro considere que cando se modificou o regulamento o concelleiro que propuxo esa modificación o que pretendía dicir era que a palabra iniciativa tiña que ser sinónimo de moción. A interpretación que se fixo e tendo en conta a regulación anterior, propúxose a modificación pero non o título do artigo, cuxa redacción anterior dicía; cando existan emendas ou votos particulares se someterán a votación en primeiro lugar as emendas e votos particulares, en último lugar as propostas. Tendo en conta a regulación anterior a interpretación que se fixo e se ven mantendo ata agora era que o significado de iniciativa



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

engloba tanto a propostas que se inclúen na orde do día, como as mocións. No caso de que tivéramos en conta só a argumentación que vostedes dan, careceríamos dunha regulación para interpretar como se tramitan as emendas a propostas do grupo de goberno na orde do día do pleno.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que non podemos equiparar un proxecto de orzamentos a unha iniciativa, máis habendo unha sentenza do TC.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que entende que segundo a sentenza do TC se pida que se deixen debater as emendas, pero hai que aplicar tamén o regulamento orgánico municipal. Se consideran que a regulación do regulamento orgánico esta mal teñen a posibilidade de modificalo ou interpor un recurso contencioso-administrativo para que se anule esta regulación. Se quere fixar outro criterio interpretativo o poden facer. Estase interpretando tal e como esta redactado. Vista a problemática que hai poden poñerse de acordo entre todos os grupos políticos para modificar este artigo, e regulamos as emendas e as emendas aos orzamentos. O TC fala de presentar e debater emendas, non fala de votación, salvo que se entenda que implicitamente vai a votación, tería que darlle a razón. Se nos acollemos ás palabras estritas, presentación e debate de emendas, o que o Alcalde fixo foi deixarlles presentar as emendas e debatelas.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que as emendas non se chegaron a debater.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que o Sr. Alcalde contra argumentou esas emendas.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que entende por debate o de todos os grupos da corporación

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non vamos a entrar neste debate. Esta claro que vostedes se acollen a unha sentenza do TC. Seguidamente sinala, que non lle sorprende o pouco respecto que a Sra. Martínez Candal ten polos seus compañeiros, xa sabe que por el non ten ningún. Atrévase a falar de ilegalidades en moitas cousas. Cree que lle debería explicar ao seu compañeiro Sr. Mira Gómez, quen foi a que se dedicou a ir pondo farolas ilegais nalgúns sitios, en contra do seu criterio, iso é moi importante que llo explique aos veciños. Deixe de difamar en relación co vertedoiro de Lesta. Xa llo dixen en moitas ocasións e llo digo aos veciños, o único erro que cometemos foi non enterarse da exposición pública. Nunca se tratou de enganar a ninguén. Si eu tivera o poder do que vostede fala na Consellería, estou totalmente convencido de que ese informe non tería sido favorable e hoxe non habería nada que facer contra ese vertedoiro. Houbo que iniciar de novo o procedemento, ese foi o noso erro, dun procedemento que viña do ano 2008, cando se fixo a exposición pública do ano 2010. Do que dixo a continuación dunha decisión que se tomou unanimemente polo noso grupo de goberno non lle vou a contestar, foi unha decisión de todos. Exposición ao público da que non se deu conta a ninguén máis da corporación. Os veciños e os técnicos saben o que opinamos ao respecto. Agradecemos a implicación do BNG naquel acordo, así como a sensatez de todos os grupos políticos do que pensábamos desa actuación. Xa veremos o que vostede aventura que vai a pasar ou deixar de pasar. En relación coa senda da Brea cansouse de acusarnos de cantidade de cousas que non tiñan nin pes de cabeza, ao final que na van a desfrutar son os veciños, quen a vai a facer é a Deputación Provincial, era unha vella demanda e vai a conseguirse neste período 2015-2019 gracias a que se nos aceptou unha petición trasladada dende ese grupo de goberno de inicio. En canto ás direccións de obra non vou a entrar nun debate con vostede, non se fai nada



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

distinto de cómo se viña a facer antes, ao mellor hai que corríxilo nun momento dado. Se considera que hai algo ilegal o diga alto é claro, vai a onde teña que ir, por que é algo que se leva facendo no concello de Ordes durante máis de trinta anos e non vexo que saltase nada polos aires. Negociados sen publicidade, atrévese a falar cando formaba parte da mesa de contratación e da xunta de goberno local, algo terá que dicir ou algo terá que ocultar. Non lle parece lóxico que siga a falar desas cousas a día de hoxe. Non lle parece para nada esas formas de petar na mesa, ou eses berros que profería no despacho da alcaldía contra calquera de nos, e nunca falei deles, visto que vostede fala aquí doutras cousas, os veciños teñen que saber como era o seu comportamento e o trato que lle daba aos demais compañeiros, cos cales vostede concorreu ás eleccións municipais. Insiste ten pendente unha conversa coa xente que foi na candidatura, pídlle que a faga, considero que a debería de facer. Con respecto ao PXOM, vostede estaba naquela reunión, agora cambia a realidade. É certo que lle dixo aos veciños de Ardemil, e o poden compartir os que se dignaron a leer o informe previo á aprobación inicial, que en Ordes non se poden facer máis dotacións de solo industrial directamente incluídas no PXOM. Pero na lei hai un mecanismo que se hai algunha empresa disposta a instalarse se pode facer unha modificación puntual é unha dotación de equipamentos nun determinado lugar, que pode ser unha realidade nun ano se se fai ben feito, o que non hai é a total garantía como se tivésemos un solo industrial. A día de hoxe co informe previo á aprobación inicial periga o polígono de Pardiñas, algo que haberá que defender, agarda contar co seu apoio para defendelo cando corresponda. Non veña agora a mentir do que se falou naquela reunión cos veciños na que vostede estaba presente. Sr. Manteiga García o outro día xa lle dixo que parte das súas emendas xa están incluídas, peor hai outros compromisos que son inexecutables, o informe o fai o interventor. Hai certas propostas de crédito que fai que non son normais e non poden ir nun orzamento municipal, veña a falar co técnico e verá que a emenda nº 1 e 2 non teñen lóxica tal e como están propostas. O camiño escolar seguro si que se fixo no que se quedou no acordo plenario que era ver se había algunhas persoas encargadas e interesadas en que se puxera en marcha, unicamente recibimos unha petición, como se vai a facer ese gasto se non hai persoas interesadas en regulalo. Dada a plantilla da policía local non se podía regular. O que dixo non é certo. Entende que non poidan confiar, que non compartan a nosa forma de facer política, que non lle gusten estes orzamentos tal e como están plantexados e os houbera feito doutra maneira. O BNG defendeu o mesmo que defendeu o día do pleno do orzamento, a cuestión de confianza é a maneira de chegar á súa aprobación. Indicarlle o que lle dixo entón, os outros concellos non están interesados en mancomunar o guindastre, é algo da que xa se falou, haberá que volver a intentalo, é un dos contratos que a día de hoxe non se decidiu tocar. O tema dos deportistas xa se lle indicou que se farán unha primeiras bases para ver como funcionan e ir incrementando a partida, se o hai que facer este ano por que hai moita demanda tratarase de facer. Con respecto ao viveiro de empresas o outro día trasladoulle as cifras, a vostede non lle preocupa que iso no 2020 nos poida custar 100.000 euros ano e non se teña garantida a ocupación, xa lle dixo que estaban dispostos a arriscar para arrancar este ano con 20.000 que son suficientes segundo o estudio de viabilidade que nos fixo a Cámara de Comercio. Se se pon en funcionamento para final de ano, paralelamente abrírase a cafetaría. Non se pode por en funcionamento a instalación, co equipamento, seguridade, que nos vai a custar un montón de cartos e non temos garantido un uso continuado e completo do conxunto da infraestrutura. Con respecto ao IBI, levamos dous anos, o programa falaba do tipo, aínda non sabemos cal era a proposta para este ano. Coincidía con vostede en ir conxelando, na emenda que fixo no primeiro ano lle dixen que eses 70.000 euros menos tamén hai que deixar de gastalos. O ano pasado para volver ao nivel de conxelación do 2015 decidiuse manter. Fala da previsión do IBI con respecto ao orzamento, xa se lle explicou o outro día que a execución despois non coincide, hai veciños que non pagan os recibos, hai inmobles que están exentos de IBI. Esas cifras non cadran coa realidade, se non



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

cadran nos ingresos tampouco poden cadrar nos gastos. Hai que ser conscientes con esa situación. Con respecto ao cuartel da garda civil lle dixo que se hai un compromiso anterior, que o técnico informou favorable, se debe respectar por que no seu día había un preacordo ao respecto e eu o asino. Se fosen vostedes faría exactamente o mesmo. Había que baixar esa renda por que era inxusta, tiñan ofertas de outros concellos, non podíamos permitir que se fose a xente dese posto de Ordes. Había que aceptar a situación e tirar para adiante. Con respecto á pista de xeo, tamén nos houbera gustado que ese procedemento que propón se puidera levar a cabo, pero había que optar pola pista de xeo pagando unhas determinadas condicións. Foi unha aposta arriscada, di que hai moita xente en contra, pero tamén hai outra moita que estaba a favor. Veremos que se fai nos anos sucesivos se de nos depende. Con respecto ao proxecto do Campomaior, en todas as obras hai erros, advertiu ese erro, vai a corrixirse, no momento que acabe o colexio realizárase esa instalación. A proposta da CIGA é política, hai algúns que poderemos apoiar. O sector téxtil nos preocupa a todos, na visita do Conselleiro a Ordes lle fixo saber que había que facer algo polo téxtil, a veces a situación das empresas impide sacar adiante as solucións que nos houbera gustado. Os empresarios tamén contan, se mantiveron reunións con eles, unhas máis produtivas que outras, tratouse de buscar unha solución para os traballadores. Seguirá reclamando o plan estratéxico. Con respecto aos procedementos de contratación tratamos de axustarnos da mellor maneira posible. É verdade que estaba posto nas redes sociais, pero as veces non se da feito todo o que un quixera facer. Non pode dicir que estamos a mentir. A veces houbo que recorrer ao procedemento negociado, sen publicidade, para poder licitar e xustificar a obra no prazo que daba a subvención, como lle ocorreu no pasado a anteriores equipos de goberno. Vostede me critica o ton, o sinte. Volve a falar das emendas, polo que eu creo que tamén debo falar das emendas aos orzamentos. Xa me dirá a min, por que eu tamén teño unha copia dese documento onde en maio de 2016, aquí creo que pon novembro de 2016, onde esta a liña que fala da modificacións de persoal, modificar a RPT, se vostede ten unha copia da que presentou por rexistro. Tampouco se fala de modificar a contratación menor, se o incluíron nas copias que vostedes teñen, non é do que nos entregaron. Pero aquí si que fala dun plan medioambiental, obras na metade de rúa Nova, xa lle dixo que estas obras na proposta de incorporación de remanentes de 2016, irá incluída a totalidade. Ponte de Esmorís, Consellería do Medio Rural, falta a autorización de Augas de Galicia. Ponte de Buxán, hai pontes en vías de máis tránsito máis necesitadas, aínda que esta se poida facer de futuro. A ponte de Lesta era unha prioridade, si que imos a facer cousas en Lesta. O saneamento en Lavandeira de Abaixo se estaba executando cando presentaron esta proposta. Hai un problema gordo na parroquia de Leira co tema da auga, o teñen traslado outras veces. Ese problema o ano que ven hai que solventalo, van a quedar sen auga en calquera momento, hai moitos veciños prexudicados. Está a rede, pero hai que levarlles a auga ata alí. Hai parte dos vertedoiros incontrolados que están incluídos no contrato, propuxeron unha partida de 10.000 euros que foron as contas que fixemos. Hai demandas que se trasladaron á Consellería que espera que se poidan executar unha vez que teñan a licitación feita. Centro especial de emprego para persoas con necesidades especiais, o convenio con Andaina é máis que suficiente. Pistas de tenis na cidade deportiva, teñen o informe, hai que aprobar o PXOM, fan falta, pero non se poden facer. Reparto proporcional de axudas a asociacións culturais e deportivas, moitas delas teñen un problema ao non ter os estatutos adaptados para poder acceder a unha liña de subvencións, por que non teñen capacidade, estase a buscar unha alternativa para colaborar con elas. A creación de becas a estudantes que se desprazan fora de Ordes como complemento ao transporte metropolitano, a día de hoxe os mozos de Ordes non pagan nada gracias a que dende a Xunta de Galicia teñen incluída a bonificación do 100 % ata os 18 anos, e como mínimo esta no 80 %. Con respecto ás emendas, a verdade é que me crispa, na cuestión formal non vai a



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

entrar, o Secretario e o Interventor fixeron un informe non que se xustifica que por que non se podían aceptar, por que son ilegais, isto ante todo, se vostedes teñen ben claro que isto non é así saben o que teñen que facer, non me vai a parecer mal. Si que quero facer unha valoración política das mesmas. esta valoración a vou a facer tamén tendo en conta o comunicado que este grupo político publicou nas redes sociais o día 10 de xuño de 2017. O contido deste comunicado, que contén erros, medias verdades e mentiras flagrantes so pode cualificarse como panfleto propagandístico, do que tanto nos acusa alegrementemente, que pon de manifesto que os integrantes deste grupo en todos estes anos que levan en política non aprenderon nada. E si é necesario pese a que lles moleste que lles pregunte, onde esta o erro. Unha das funcións do pleno, da oposición, e fiscalizar a labor de goberno do alcalde, alégrese que empezasen a facela dende marzo deste ano, o goberno non so vai a defender o seu traballo, se non que tamén vai a por de manifesto os erros da oposición, iso que tanto lle gusta a vostede criticarme. So con ler o primeiro párrafo do comunicado xa se aprecia que hai un erro, que non teñen claro os conceptos. Saben cal é ese erro llo acaba de dicir o secretario, leo literalmente: o alcalde de ordes aplicou de forma ilegal un artigo do regulamento orgánico do concello de ordes que fai referencia ao debate das mocións, non ao debate do proxecto de orzamentos. Pódenme dicir que mocións non puideron debater, ningunha, debatéronse todas. xa sei querían dicir emendas. Pódenme dicir cal é o artigo do debate dos orzamentos, existe no noso ROF. Como non o hai é moi fácil sacar un comunicado e mentir. Segunda afirmación: as emendas recortan 618.000 euros en gastos superfluos, como propaganda, publicidade ou estudos e traballos técnicos sen xustificar, e propónse destinar esa cantidade a amortizar a débeda do concello. Isto é unha auténtica mentira. Vostedes viven nunha realidade paralela. Non lles interesa a verdade. Se hai que inventarse a realidade non teñen ningún escrúpulo moral nin complexo en facelo. Xuntan palabras, pónenlle un adxectivo social, ecolóxico, adaptado e para adiante. Vostede Sra. Marín fai un auténtico papelón, no que non cree en absoluto, unicamente para manter o ego da persoa que mantén ao seu carón. Rógolle que deixe de comportarse como unha kaleborroka e teña un pouco de educación nas súas intervencións. Eu moderarei o meu ton, píddolle un pouco de educación. Unicamente por que se ve na obriga de defender as ocorrencias dunha persoa que o que tiña que facer era dimitir log de perder as eleccións en maio de 2015. Aquí falan de gastos superfluos, utilizan o substantivo propaganda cunha connotación negativa. Fálase de estudos e traballos técnicos sen xustificar. Cales, os poden sinalar. cales son estes. A maiores dise: o principal grupo da oposición tamén propón emendas aos orzamentos destinadas a dotar de maior transparencia á contratación do concello, así como o recoñecemento da antigüidade dos traballadores municipais. O grupo municipal de UxO propuxo no pleno do 8 de xuño unha serie de emendas que o alcalde non recolleu e tildou de ilegais, insisto o dixeron os técnicos, non llo dixen eu. Tanto a Lei de bases do réxime local, como a Lei de administración local de Galicia, como o ROF permiten a presentación de emendas ao proxecto de orzamentos municipais. Reitero o que dixen antes en canto á presentación das emendas. Minten, é a terceira vez que o fan e so levo analizado dous párrafos do seu comunicado. No pleno anterior o Sr. Regos na súa intervención recoñeceu que non sabían que gastos concretos se incluían nesas partidas. Eu explíquellos cando lle debatín as súas emendas, incluso lle dixen que se minoraban esas partidas non se poderían atender contratos xa asinados para a prestación de servizos. Deulles igual, a única obsesión que tiñan era votar. Nese pleno púxose de manifesto a súa ignorancia en materia de orzamentos, a absoluta carencia de reflexos políticos. Se se informa que o recoñecemento de trienios ten que ser a todo o persoal, o lóxico e que primeiro se lle preguntase aos técnicos que para iso veñen ao pleno, e despois se eliminase o adxectivo fixo mantendo se querían a emenda, iso houbera sido o lóxico. Xa vexo que no comunicado falan de traballadores, coidáronse moito de incluír o adxectivo fixo. Se se informa que os créditos que figuran nos orzamentos son necesarios para os gastos a realizar, o lóxico é preguntarlle aos técnicos, se



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

informan que é así, non poden persistir, hai que ser sensatos, a emenda hai que retirala por sentido común. Xa sei que lles daba igual se era así ou non, o importante era votar, que as emendas saísen adiante. Gustaríame saber se os concelleiros non adscritos e o PSOE estaban dispostos a apoiar este disparate, pídolles que fagan o favor de responder esta pregunta no derradeiro turno, se o queren facer. Eu supoño que si, por que senón esta xente se non sabe que van a ganar a votación non as presentan. vostedes pensan que poden xogar co grupo de goberno, pero nesta caso con esa diminución do que vostedes denominan gastos superfluos, propaganda, de ser aprobada a emenda podían terlle causado un grave prexuízo ao concello, non ao goberno. Sería o concello prexudicado, o que non podería pagar os contratos polos servizos prestados. O que incumpriría o período medio de pago a provedores ao non existir créditos. E vostedes terían a culpa, e non vale dicir que vostedes aprobarían despois as modificacións oportunas, con que créditos, baixando créditos de outras partidas, creando problemas de dotación económica tamén nestas. Vostedes pensan minimamente as consecuencias dos seus actos e das súas propostas, ou so pensan en pisar politicamente a este goberno, e conseguen dous concelleiros non adscritos, tratar de recortan gastos e ingresos e trata de limitar as competencias do alcalde. Esa é e vai a seguir sendo a súa política. os veciños onde quedan, impórtanlles algo. Agora que viron o informe dos técnicos pode dicirme se son capaces onde están eses gastos superfluos, que concreta partida, onde está a propaganda, a publicidade. Os anuncios oficiais en xornais, BOP, BOE, DOG é publicidade para as diferentes actividades do concello. Imaxino que eses gastos superfluos é o mantemento da gardería municipal, mantemento da escola de música, pagar o canon de Sogama, o guindastre. Non poden verdade. Pensan rectificar as mentiras publicadas, xa sei que non, esta si que era unha pregunta retórica, a súa soberbia política non llo permite. Por iso este comunicado tendencioso. A verdade que lle preocupa aos veciños, que lles afecta, non lles importa. Que pon de manifesto a maiores esa baixada de gastos para amortización de débeda, que os veciños non lles importan, diminúen gastos para amortizar os préstamos que vostedes pediron, non para servizos sociais, promoción económica, promoción do emprego, infraestruturas, teñen outros obxectivos ou fins que so defenden para prexudicar ao goberno, pero que prexudican aos veciños. Demostran que non creen para nada tampouco no que defenden nos plenos cando falan de desemprego, crise económica, non por que quen tería que gastar sería o PP e que non se puidera facer ningunha inversión. É que houberan conseguido coa emenda que trouxeron o outro día aquí. no comunicado tamén se di, en todos os concellos se permite o debate e votación das emendas aos orzamentos, como se fai en todas as institucións do estado, parlamentos autonómicos, congreso e senado, onde sempre se garante o voto das mesmas. O Alcalde ao impedir o debate e votación destas emendas vulnera o dereito dos concelleiros a poder participar con todas as garantías nun debate tan fundamental como o dos orzamentos municipais. Esta actuación do alcalde, ademais de vulnerar a lei, infrinxe a doutrina do TC, que na súa sentenza de 9 de xuño de 2016 deixou meridianamente claro este dereito dos membros da corporación a debater e presentar propostas alternativas aos orzamentos. Pregúntolles, retoricamente, vostedes puideron presentar e debater as súas emendas, si. Se os seus compañeiros da corporación non quixeron falar nada por que as presentaron con menos de vinte e catros horas ao pleno, non teño eu a culpa. Eu analicei as emendas cos datos que os técnicos me deron ao respecto. Eu din un turno a posteriori e calquera grupo puido debater esas emendas ou dicirlles o que consideraban. Vostedes din que non se permitiu o debate, co que minten descaradamente outra vez máis. Perdín a conta das súas mentiras. Vostedes non puideron votar esas emendas por que non llo permite o regulamento orgánico, non por que non llo permitirá el. remítome ao que din os técnicos sobre a aplicación do artigo 53 do regulamento orgánico municipal, sobre o cumprimento do mesmo. que pasa, a vostedes non lles é de aplicación. Xa saben o que teñen que facer se queren votar as súas emendas. Xa falaremos cando o fagan. Última parte, o comunicado tamén di: Uxo propón que dita cantidade de 618.000



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

euros sexa destinada a amortizar débeda do concello de Ordes, e lamenta a hipocresía dun alcalde que non ten reparo en faltar á verdade con respecto á débeda existente no concello, mentres presenta uns orzamentos que despilfarran o diñeiro dos veciños en cuestións que nada teñen que ver co benestar do pobo. preguntolles, cal é a hipocresía do alcalde ao falar da débeda. que eu falo de nove millóns e vostedes cinco. dende cando contabilizamos esa débeda, dende 2015, peor entón foron nove millóns, dende cando de cómo se xerou ou dende cando vostedes marcharon. A débeda da que eu falo é a que crearon mentres gobernaron, a que motivou que tivesen que aprobar un plan de saneamento financeiro, a que tiveron que pedir uns préstamos para poder pagar. A que leva suposto oitocentos mil euros en xuros. Non a que vostedes deixaron cando marcharon. É aquí esta o análise dende o 2007-2015 onde queda claro que esa débeda foi superior aos nove millóns de euros. Para que fixeron o plan, para que pediron os préstamos para pagala. pódennos dicir onde esta o despilfarro, este é un adxectivo máis, o poden demostrar. que gastos non teñen que ver co benestar do pobo. Unha mentira máis, unha tras outra. A concelleira non adscrita pretendeu xustificou que marchaba do goberno municipal, que abandonaba o grupo político popular por que non estaba disposta a seguir enganando aos veciños, hoxe segue a dicir o mesmo. pregunto, e agora apoia isto, con esta xente e coa que quere traballar polo ben dos veciños. Respaldar esta forma de actuar. A súa acta de concelleira vai a servir para que esta xente intente mandar de novo en ordes, que non gobernar. Mandar e gobernar son dúas cousas moi distintas, segundo se apliquen demostran a persoa que é cada un.

Polo Sr. Alcalde, ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que lle quería preguntar a que lle chama colocar unha farola ilegal, igual é a mesma que colocou o concelleiro o Sr. Mira na eira da súa casa. Eu mandei colocar unha farola, nun poste para unha casa, nun poste que carecía de farola. Se lle chama farola ilegal é o seu problema. A ponte de Lesta é un proxecto que eu ordenei facer antes de marchar. A miña confianza deilla no 2015, pero eu retireille a miña confianza pola súa actitude, por non saber delegar, por querer controlalo todo debaixo da súa man, por actuar as nosas espaldas, porque cando a vostede lle conviña seguía un criterio, cando non lle conviña o cambiaba con escusas baratas, por que non sabía comunicarse co resto do equipo, cada un presume do que non ten. Se eu facía unha petición para un lavadoiro a resposta era non, pero se acudían os veciños, vostede cun par dicíalles que si ao lavadoiro. Igual pasou cas beirarrúas da Salgueira, cando lle recomendei a un veciño que lle dera traslado desa petición ao alcalde, e a resposta foi si ipso facto. Carece de criterio para establecer a orde dos investimentos. O mellor é cando agora dende a oposición vexo que fai todo o que eu lle pedía e me respostaba que no había cartos, que non se podía. Vou falar do que non e seu. Falou na prensa da licitación da senda da Brea, como se vostede fose o gran conseguidor, canda a única persoa que conseguiu esa licitación, foi o Alcalde de Cerceda, deputado provincial. Sinte moito ter que aclaralo por que foi vostede o que fixo alarde de ter conseguido algo que non é seu. Despois de preguntar na Deputación canto fixo vostede e a deputada Sra. García Gómez por esta senda tivo unha resposta que non esperaba, que nada, é máis o único que fixo a deputada foi preguntar por que o deputado de obras recibía a Beatriz Martínez, por que acude todos os días á Deputación. Sinte dicirlle que como afectada leva vivindo máis de dez anos a situación de inseguridade dos meus fillos para cruzar por unha estrada que carece de seguridade vial para os viandantes. Que mentres estivo a Deputación Provincial presidida por Diego Calvo ningún foi capaz de ver a necesidade real do que padecemos. Que o mesmo Diego Calvo me



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

chegou a dicir nunha reunión o pasado 26 de xaneiro que esta senda non se ía a facer, aínda despois de estar aprobada no pleno da Deputación. Eu as gracias pola senda so llas dou a Pepe de Cerceda que foi o único que se preocupou de mirar por ela. Segue coa Sra. García Gómez e cos alardes aos que nos ten afeitos. A subvención que presume de ter conseguido para a escola infantil é unha subvención que reciben moitas escolas infantís, vostede pretende levar un mérito por tela conseguido, usando con fins partidistas a administración que as concede. Ten o seu aquel despois de enterarme polo decreto de alcaldía que a escola infantil tivo que ser repintada e pagada dúas veces polo seu descoñecemento das cores dunha escola infantil. Volvendo co Sr. Alcalde, teño que dicir que Ordes perdeu unha subvención de 50.000 euros para as obras da rúa do parque, por obstinarse en pedir unha subvención en cuxas bases especificaba que debía ser para unha única actuación e non para a continuación da mesma obra do ano anterior, cando recalquei que esa obra debería ser solicitada para a obra de Alfonso Senra, pero obstinou se en solicitala para onde lle parecía ben a vostede. Unha cuestión de confianza tamén debería ser a documentación das empresas nas licitacións. Non é viable que a documentación das empresas viaxe a Santiago para se valorada, perdéndose así a custodia da mesma por parte do Secretario. Así como irregularidades na apertura de sobres nunhas seis ou sete mesas de contratación. Das que tamén deu conta a todos os compañeiros nunha reunión e na que o único que conseguiu despois dun duro enfrontamento con vostede foi un fasma dubidar. Esta por saber por que ten o PAS de marquesiñas de Mesón do Vento sen contratar a día de hoxe. Esta por saber por que en lugar de contratar cun único criterio que é o criterio económico o fai con negociado con publicidade, cando ten máis que demostrado a demora no tempo que este tipo de contratación lle supón aos veciños. Unha espera innecesaria ante a necesidade real desas obras. Esta por ver se cando cheguen as seguintes eleccións non se poña a facer apurado obras como outros fixeron antes e vostede criticou. Espero que todos se acaben dando da súa actitude, sendo moi dócil cando lle facemos falta e dándonos a espalda cando xa non nos necesita. Carece por estas e por outras cousas da confianza que un día depositamos en vostede. E mentres a súa actitude siga sendo a que amosou ata o de agora, así seguirá sendo. Este movementos non lle aportan apoios, senón voceciñas polo baixo que din así non, tensando a corda ata o último momento como se esa fose a fórmula para manter os simpatizantes motivados ante unhas futuras eleccións. Poñer contra as cordas para aprobar os orzamentos é unha boa táctica pero so para salvagardarse vostede mesmo. Os ordenses tamén saben ver que é un alarde de responsabilidade que ninguén sabe como acabará. Son consciente de que non vou cambiar o mundo, aínda que escollín estar en paz coa miña conciencia. Facendo valer as persoas que repudiamos o abuso dos poderosos.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que pregunta que vai a pasar hoxe. Que con toda seguridade vai a levar un segundo rotundo non aos seus orzamentos, de doce concelleiros de catro grupos municipais moi diferentes. Coincidimos en que os seus orzamentos non son vos para Ordes. Non perderá esta votación por que haxa dous concelleiros do seu partido como non adscritos, a perderá por que somos doce concelleiros contra cinco. Calquera persoa con sentido común cando ve que todo o mundo esta equivocado revisa ou replantexa as súas razóns, optou polo pataleo para facer o que lle dea a gana. É como ese neno que cando xogábase ao fútbol marchaba coa pelota cando non se facía o que el quería. Isto é o que quere facer o Sr. Sanjurjo con esta cuestión de confianza, levar a pelota para casa e que non sexamos quen de atopar outra pelota ou de organizarnos para xogar a outra cousa. Xa dixemos que nin vostedes nin os seus orzamentos teñen a confianza do PSOE, estamos tamén a constatar que non ten a confianza de ningún grupo municipal deste pleno, salvo os catro concelleiros que aínda quedan no seu grupo. O vexo moi contento e confiado en que se vai a saír coa súa. Fai un chamamento aos demais grupos municipais a que non o permitamos. Dende o PSOE non falamos nunca da presentación dunha moción de censura,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

matematicamente temos que lamentar que non somos imprescindibles nin para apoiala, nin para parala. Pensamos que a situación en Ordes é insostible e gustaríame facer un chamamento aos membros dos outros grupos da oposición para ser consecuentes e responsables co que estamos a votar hoxe aquí. Imos a permitir que saian adiante uns orzamentos prexudiciais para a veciñanza de Ordes. Imos a impedir que cinco concelleiros utilicen unha artimaña legal para impor a súa vontade á maioría do pobo de Ordes aquí representado. Iso é o que vai a pasar, é co que conta o Sr. Alcalde. Conta con que non seremos quen para buscar unha solución, penso que ser consecuentes e congruentes co que estamos facendo hoxe aquí. Temos diante un goberno que en dous anos foi incapaz de presentar neste pleno uns orzamentos dignos. Un goberno roto que goberna de costas aos veciños de Ordes. Penso que é momento de dicirlle ao goberno que este pleno non vai a permitir que se ningunee a vontade da maioría dos veciños de Ordes. É momento de dar un paso adiante é ser congruente, non podemos estar todos de acordo con que estes orzamentos son prexudiciais e permitir que estes orzamentos se executen por diferencias entre nos. É o momento do diálogo e de pensar no mellor para os veciños de Ordes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que para rebaixar a tensión, hoxe cree que inauguramos unha nova festa en Ordes, a festa do purín, traemos as cisternas cheas e a merda corres de aquí para alá que da gusto. O guindastre dixo que se ía facer, parécenos ben, nestes orzamentos que presenta segue sendo de xestión municipal. Deportistas, incrementar a partida a posteriori, pensamos que ao contrario, se non se consumen os fondos facer unha modificación de crédito correspondente. Viveiro de empresas, fala de que 20.000 euros son suficientes para arrincar, consideramos tamén que son suficientes pero paso ano e segue todo pechado e sen iniciar esa instalación. Fala dun gasto anual de 100.000 euros unha vez posta en marcha, como xa lle dixen fagan durante este ano as tramitacións precisas para cobrarlle ás eléctricas polo uso do dominio público local. Espabilar co concello de Abegondo para cobrarlle o IBI a autoestrada, co que o concello tería uns 400.000 euros a maiores cada ano de ingresos, se se cobran os atrasos, dez anos uns cinco millóns de euro. Seguimos pensando que a cafetaría do centro comarcal se debería abrir, hai xente que o esta demandando, crearíanse varios postos de traballo, dando uso ás instalacións. Están de acordo que non se debería aplicar a taxa do catastrazo, ven mala fe nos expedientes que chegaron ás casas, analizou persoalmente varios expedientes en todos detectou que os coeficientes de antigüidade veñen trucados, están un escalón por riba do que deberían estar, iso é timar, roubar, quen xestiona o catastro é o PP. Cartel da garda civil, Ordes debe ser o único concello que financia ao Ministerio do Interior, non sabe que é o que fan outros concellos para que o Ministerio do Interior constrúa unhas instalacións necesarias, Ordes é o único sitio que non é posible. O problema da mala xestión do téxtil estivo na Xunta de Galicia que estivo dando un montón de cartos en subvencións e non levou a cabo o control de ningún tipo para ver se se investían onde tiña que ser ou tiñan o seu funcionamento, incluso deu subvencións para deslocalizar o traballo. En Ordes como non espabilemos nos comen as papas os concellos de ao carón. Ordes de seguir nesta situación seguramente dentro duns anos deixe de ser cabeceira de comarca. O procedemento negociado sen publicidade segue abusando del. Nese aspecto a contratación pouco cambiou, seguimos co mesmo sistema. Que o anterior equipo de goberno, debería ser un procedemento puntual e non habitual. Dixo que calquera moción que se trae a este pleno se pode debater, iso non é así. Este grupo municipal o ten experimentado así, ten traído mocións e dende determinados grupos municipais se vota en contra da urxencia. A nosa proposta do IBI no ano 2016 non puido ser debatida. Nesta corporación o BNG é o único partido que en todas as urxencias das mocións votou sempre a favor por que esta a favor do debate, non ten medo a amosar o que opina dunha



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

ou outra cuestión. As razóns xa as explicamos, a veciñanza o sabe, van a votar en contra da cuestión da confianza.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que vai a empezar respostando á proposta que ten ela e o seu compañeiro o Sr. González Santos en maio foi cando se fixo, en novembro foi cando se presentou. As emendas sobre persoal, modificacións das bases de execución e redución de partidas de gastos as trouxemos a pleno para ser debatidas pola súa importancia e podelas desenvolver máis polo miúdo e por iso non se presentaron a priori, e se presentaron en tempo e forma con anterioridade ao pleno que vostede tiña que ser convocado con posterioridade por que así como quedou a Sra. García Gómez co Sr. González Santos. Quere facer varias aclaracións, di que eu non o trato con educación e cree que iso non é certo, vostede estase a referir hoxe a nos como esta xente, somos concelleiros, lle pido que nos trate co mesmo respecto co que nos o tratamos a vostede, xa se referiu a nos como esta xente en máis ocasións e o poderemos ver na acta do pleno cando se transcriba. Xuntamos palabras, bueno, pode ser, hai persoas que non poden falar correctamente, pero o que din pode ser tan loable e correcto como vostede que cada vez que ben aquí ao pleno nos da unha lección de sabeduría e sabe e nos fai preguntas e non esta disposta a que vostede nunca máis me volva a examinar, nin a denigrar. Nas nosas propostas de obras témonos que quedar con que xa se farán faise unha parte, outras partes lle parecen moito, outras xa se empezaron, son ilegais pregunta. Si que se recollen nos orzamentos determinadas partidas que se estes non son aprobados si que se pode traer ao pleno unha modificación de créditos como falou o compañeiro do BNG. Falabamos da creación de becas para estudantes para transportes, cando se teñen que desprazar e aínda que hai unha parte que non é subvencionada e ás familias lles custa moito sufragar ese gasto que vostede tilda dun 20-30%. Con respecto ao centro especial de emprego lamenta a súa ignorancia e total descoñecemento, parécelle penoso que lle diga que como aprobaron un convenio con Andaina xa temos parte. Gustaríame preguntarlle que é un centro especial de emprego e que é un centro ocupacional de día. un centro especial de emprego que realiza un traballo produtivo participando regularmente en operacións de mercado, ten a finalidade de que esas persoas estean aseguradas e que coticen, que perciban polo seu traballo uns cartos cotizando. Son cidadáns de pleno dereito. Poden ter ata un 70 % como máximo de persoas con diversidade funcional. Esas persoas teñen que ter os mesmos dereitos que calquera traballador, hai que pensar neles no día de mañá. O alcalde de Santiago nunha das cafetarías que está a licitar so van a concorrer centros especiais de emprego. Iso é velar polos servizos sociais, polas persoas con diversidade funcional. Falou de que o Sr. Regos debería dimitir por ter perdido as eleccións, recórdalle que vostede tamén perdeu as eleccións, esta aquí. Non é quen de mandar dimitir a ninguén, e moito menos vostede. dedíquese menos a analizar comunicados do facebook, das redes sociais, dedíquese a traballar. Esa nota de prensa que se publicou no facebook de UxO, que vostede se dedique a analizar parágrafo por parágrafo lle parece unha perda de tempo lamentable. Nos consideramos que non se debateron as emendas. Vostede non iniciou un turno para que os compañeiros puidesen debater as nosas emendas. Vostede falou delas pero non iniciou ningún turno para que os compañeiros decidisen manifestar a súa vontade de debatelas ou non. Seguimos a interpretar que ese artigo 53 fala de iniciativas, unha moción si que é unha iniciativa, un proxecto de orzamentos non é unha iniciativa. Un proxecto de orzamentos é o eixe vertebrador do que é o eixe do funcionamento do concello. O plan de provedores é ese que vostede non quixo votar, que votou en contra para que os empresarios do noso concello non cobraran. Falou da débeda, si que xeramos unha débeda de máis de nove millóns no 2011 da cal saímos nos por que volvemos a gañar as eleccións e cando vostede entrou había unha débeda de cinco millóns como apunta o informe de intervención, cun arqueo de caixa de máis de un millón de euros. Non nego que xeramos es débeda, pero nos saímos desa



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

débeda. Hoxe o que se debate aquí é a súa absoluta incompetencia para aprobar uns orzamentos municipais. Debemos lembrarlle unha cousa non intente xustificar a súa incapacidade para gobernar cun informe xurídico e con análises de redes sociais. Xa debería ir aprendendo da experiencia, posto que despois de vir ao pleno celebrado na Casa da Cultura o 1 de marzo dun informe xurídico no que se dicía que o pleno non podía nomear os representantes da corporación nos órganos colexiados, esta mesma semana un xulgado xa lle ten advertido de que ese acordo que aprobou ese pleno debe executarse. Aínda que o teña calado as cousas vanse sabendo. Ven aquí a pedirnos que confiemos en vostede, un alcalde que en dous anos foi incapaz de sentarse a falar cos voceiros dos demais grupos para chegar a acordos en beneficio dos seus veciños. Un alcalde que ten o record de ser o primeiro alcalde na historia de Ordes que prorroga dúas veces consecutivas os orzamentos. Un alcalde que fai da prepotencia e falta de respecto hacia os demais un signo distintivo da forma de gobernar. Un alcalde que ven a este pleno a obrigarnos a ter que tragar unha proposta de orzamentos que so benefician a vostede prexudicando aos veciños e ao benestar do seu pobo. Un alcalde que non ten aceptado ningunha das propostas que lle ten achegado este grupo municipal para facer uns orzamentos que contribúan a paliar as necesidades do noso pobo. Equivocouse neste punto, en lugar de chamarlle cuestión de confianza debería chamarlle cuestión de desconfianza, iso é o que xera vostede unha total e absoluta desconfianza. Non podemos aprobar este proxecto de orzamentos por que son absolutamente prexudiciais para os nosos veciños, están pensados única e exclusivamente para satisfacelo a vostede e a súa forma de gobernar o decreto e a arbitrariedade. O seu obxectivo con estes orzamentos é escapar ao control do gasto e da transparencia cunha única finalidade que é facer o que lle veña en gana co mesmo. Falou das facturas, se ten algo que dicir con respecto ás facturas que pagou, como pagamos nos cando entramos de anteriores gobernos, o poña en coñecemento de quen o teña que facer. E mentres agocha cantidades en partidas orzamentarias que non se sabe a onde van a ir, se deixa de facer algo fundamental, aumentar o gasto social, axudar aos máis desfavorecidos. Recórdalle que na proposta de orzamentos que debatemos o outro día, hai unha baixada en partidas de educación, cultura, medioambiente, servizos sociais, emprego. É normal que non lle poidamos aprobar estes orzamentos, esconden un dobre discurso dun goberno que actúa de forma hipócrita xa que mentres que di que mentres di que está preocupado pola débeda do concello, ten unha política de gasto desproporcionado en materias de difícil xustificación como propaganda que pouco ten que ver co interese dos nosos veciños. Non podemos aprobar estes orzamentos por que defendemos que as decisións que condicionan clara a xestión do diñeiro público, como as modificacións orzamentarias deben ser adoptadas pola maioría dos membros desta corporación. Deixar estas decisións en mans dun goberno en clara minoría vai contra a transparencia e a calidade democrática do noso concello da que vostede antes tanto presumía antes de sentarse nesa bancada. Non podemos aprobar estes orzamentos por que estes deben avanzar na liña de garantir a transparencia e a libre concorrência na contratación administrativa, criterios que vostede esquece un día si e outro tamén, para vostede os principios de libre concorrência, igualdade e non discriminación na contratación administrativa non significan nada. Por iso nos trae uns orzamentos que lle deixen manga ancha para facer o que se lle da moi ben que é facer o que lle da a gana. Non podemos aprobar uns orzamentos que non recoñecen dereitos básicos do persoal do concello como é a antigüidade. Equivócase cando fala de que non hai máis opcións que a cuestión de confianza, esta a opción do consenso, o diálogo o acordo. vostede so coñece o termo impoñer, nos quere impoñer os seus orzamentos en lugar duns orzamentos que defendan os intereses do noso pobo. Esta a demostrar que non entendeu nada do mandato que expresaron os veciños fai dous anos nas urnas. Os veciños non deron a maioría a ningunha forza política e expresaron claramente é que Ordes fose gobernado en base ao consenso e o acordo entre distintas forzas políticas, novamente llo reitero e lle pido que reflexione. En Ordes xa houbo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

noutras ocasións gobernos en minoría, esta é a primeira vez na que non se chega a un acordo maioritario para aprobar uns orzamentos. A segunda reflexión é que cando a opinión do alcalde non coincide coa maioría da corporación, vólvolle a reiterar que non será que o equivocado é o alcalde cando sobre todo nesa maioría coinciden forzas políticas con diferentes proxectos políticos. Esta hoxe ostentando un triste record, nunha data nas que se cumpren corenta anos das primeiras eleccións democráticas en España, hoxe vai a ostentar de ser o primeiro alcalde que se somete a unha cuestión de confianza para aprobar uns orzamentos. A súa actitude prepotente e egocéntrica o teñen levado a ter menos confianza deste pleno da que tivo nas eleccións municipais. A súa actitude e xestión nestes dous últimos anos son absolutamente censurables e co resultado da votación deste pleno non se fai máis que confirmar que está absolutamente esgotado e finalizado o seu mandato. Confirma hoxe a súa incompetencia para seguir gobernando este concello e o fai da peor das maneiras, con arrogancia e escoitándose so así mesmo. Fronte a súa arrogancia nos actuaremos con responsabilidade e poñerémonos a traballar dende o día de hoxe para ensinarlle o significado de palabras que a vostede lle soan a chino, como son diálogo, consenso, xenerosidade, dar un paso atrás e confianza, algo que vostede é incapaz de xerar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os ve moi preocupados pola cuestión de confianza. Se os orzamentos presentados non se poden aprobar tiñamos dúas opcións continuar con eles prorrogados ou vincular a súa aprobación a unha cuestión de confianza. Entendemos que os orzamentos que se presentaron son bastante adaptados á realidade que precisan os nosos veciños. Por iso os sometemos a esta cuestión de confianza, e a partir de hoxe teñen un mes para facer o que consideren, se nos temos que ir de aquí nos iremos coa cabeza ben alta. Antes de rematar quere deixar en acta unha serie de reflexións. Xa vai sendo hora de que as veciñas de veciños de Ordes saiban o que realmente sucede neste Concello, cales son os interese ocultos que moven a uns e a outros e cales son tamén as razóns que fan que algúns dediquen todas as súas enerxías, e mesmo busquen apoios externos, para tratar de boicotear, día e noite, a este Goberno. E xa vou a incidir, en que este é un intento de boicot, o maior problema, é o prexuízo xeral a todos e cada un dos veciños de Ordes. Nos non somos os que nos sentimos boicoteados pola súa forma de actuar. Recordarei, en primeiro lugar os antecedentes. Todos sabemos que o Partido Popular foi a lista máis votada en Ordes nas Eleccións Municipais de fai algo mais de dous anos, un 24 de maio. E todos sabemos tamén que o anterior alcalde e o seu partido político fixeron o posible e o imposible para tratar de impedir o cambio. Xa non recordamos que as manobras de UXO obrigaron a constituír con retraso a Corporación Municipal de Ordes, foi un 3 de xullo, fronte á previsión legal do 13 de xuño. O señor Regos, UXO e o seu grupo nunca aceptaron o resultado electoral e levan dous anos tratando de facer saltar polos aires a este Goberno. Saben que procuramos desenvolver unha xestión rigorosa, honesta e transparente, sen máis obxectivo que facer realidade o noso programa electoral e servir aos intereses dos veciños e veciñas de Ordes. Facémolo e farémolo falando con todo o mundo, escoitando a todo o mundo e recibindo a todo o mundo. Indo o antes posible a calquera lugar no que poda existir un problema, unha carencia ou unha demanda que atender. Iso é que o fai este Goberno. Alégrese de que o recoñecera, UXO xerou unha débeda de nove millóns de euros a cambio de, Sra. Marín, direillo unha e mil veces, as súas afirmacións son falsas e malintencionadas, segue vivindo na mentira que vostede mesma creou. Deixe de desviar a atención coa débeda viva, e vaíamos ao fango, e falemos da realidade de cómo manexaron as contas de este concello durante mais de oito anos. Onde está esa transparencia da que tanto fala agora. O certo e que xa non me estraña nada de nada do que poida dicir, pois minto moi ben, ten un arte especial e unha facilidade que non deixa de sorprendernos. Vaia collendo datos, e o mais importante atrevase a



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

dicirlle aos veciños que son falsos, pois como ben debe saber, o que é medible, non é opinable: 1. Os seis préstamos bancarios que vostedes contraeron no período 2007-2012 ascenden a 7.245.631 euros; sendo o derradeiro, o de 2012 do plan de pago a provedores, única e exclusivamente para facer fronte a facturas que carecían de consignación orzamentaria e estaban pendentes por importe de 2.735.386 euros. 2. Os xuros da débeda, da súa débeda, de cando gobernaban sen criterio e sen sentido, da débeda que lle endosaron como herdanza a todos os veciños de Ordes, e pola que xa temos pagado por ditos préstamos ao remate de 2016 a contía de 868.843,49 euros. Aos que engadiría sen equívoco, un mínimo de 150.000 euros aínda pendentes de pago ata o ano 2023. 3. O ano 2009 aprobaron o orzamento municipal con un superávit de 389.992 euros para facer fronte ao desequilibrio do ano anterior, gastar por encima das súas posibilidades. 4. O ano 2011 aprobaron o orzamento municipal con un superávit de 269.768 euros para facer fronte ao desequilibrio do ano anterior, gastar por encima das súas posibilidades. 5. O ano 2012 aprobaron o orzamento municipal con un superávit de 761.007 euros para facer fronte ao desequilibrio do ano anterior, gastar por encima das súas posibilidades en 2011, curiosamente ou simplemente casualidade, sería por ser ano electoral. Dígame que parte de estes desequilibrios chegaron a integrarse no definitivo plan de pago a provedores, e que parte foi asumida con cargo a cada un dos exercicios seguintes como si de unha simple débeda se tratase. 6. E non me esquezo que en xullo de 2015 atopamos gastos por importe de 310.115 euros, gastos en obras sen pagar, sen crédito dispoñible e que se asumiron polo novo goberno no ano 2016, inclusive en parte cun recoñecemento extraxudicial de facturas en pleno. Esa é a verdade. Que fixeron desde o goberno cos cartos que provocaron esta débeda, e se non sumou aínda, son mais dos 9 millóns de euros que negan e negarán ata a saciedade; 9 millóns de euros ante os cales se comprometía a dimitir. Eu no pleno de 1 de marzo, remítome á acta sempre lle falei do ano 2011. que fixeron agás o novo Concello, que ningún veciño reclamaba, e boa parte da ampliación da Alameda, que está chea de problemas técnicos e nula funcionalidade, filtracións de auga, humidades, exceso de columnas, ...etc. Sra. Marín pídemme que no minta, eu tamén lle vou a pedir que non minta unha soa vez mais e trate de enganar aos veciños en relación con outras obras as que trata de endosarlle malintencionadamente a xeración da débeda. O paseo fluvial no río Mercurín hoxe denominado de Ramiro Recouso, foi financiado íntegramente por importe de 440.290 euros pola Xunta de Galicia. A obra de reforma do tanatorio 835.200 euros, ou as diferentes actuacións na cidade deportiva, edificio de vestiarios e cafetería 717.857 euros, pistas de atletismo 201.327 euros, polo PlanE e o PIEL que trouxeron a Ordes en dous anos mais de catro millóns de euros. Certo é, en iso por sorte non minte, que de todas e cada unha de elas hai que recoñecerlle a implicación ao PSOE de Ordes na súa etapa como socio de goberno, que fixo posible o 100% das mesmas; lástima unicamente que non estivese mais pendente do control das contías e dos procedementos que conlevaron as súa execucións, do que tanto alardean agora que queren modificar. Isto xa sei que non lles interesa, vostede siga sacando os datos que queira, que a realidade está escrita, e contra ela non pode facer nada. Bueno, si, pode seguir mentindo e negado o real e evidente. Vostedes empufaron este concello pola súa nefasta xestión nos cinco primeiros anos, 2007-2012. Ao sr. Regos e á Sra. Marín coído que só lles preocupaba o seu confort. Para quen non comparta estas afirmacións, xa lles adianto que hai probas que evidencian de sobra o que acabo de dicir. Non teño necesidade de inventar nada. Se queren, ao remate deste Pleno podemos visitar, na antiga Casa Consistorial, aínda sen rematar e sobre a que teñen presentada unha reclamación de liquidación de obra –non olvidemos iso-, o cuarto de baño, con ducha incorporada, que mandaron construír para o seu uso exclusivo e que despois de perder as eleccións en maio de 2015 se tapiou apresuradamente unha vez recoñecida a súa derrota nas urnas. Se queren imos visítalo, non teño problema, acompañados do público aquí presente. Vostedes piden transparencia e eu ofrezco transparencia. Que problema hai. Estou seguro de que a visita pode



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

resultar moi instrutiva. Durante a visita poderán ollar unha mostra das tropelías do pasado. Tropelía ou visión faraónica da realidade, con todo o respecto, chámenlle como queiran. Pensaban que eran o faraóns e que os demais eramos escravos seus. Iso acabouse, polo menos mentres eu sexa alcalde. As veciñas e veciñas de Ordes son, todas e todos iguais, voten a quen voten, cidadáns de pleno dereito. Falo dunha das moitas tropelías que cometeron antes; pero é tamén a miña obriga advertir das tropelías que sen dubida volverán tratar de cometer unha e mil veces, como dixo a Sra. Marín, de conseguir acceder de novo ao poder. Están ao asexo e todos sabemos con que escura intención. Así son as cousas e convén que a veciñanza, e tamén as concelleiras e concelleiros, as coñezan. Pese ás dificultades por todos coñecidas, o Partido Popular non acadou maioría absoluta nas Municipais, este Goberno esforzouse en facer en dous anos todo o posible para dar cumprimento ao programa electoral co que se presentaron ante os veciños. E aos feitos me remito: Logramos a permuta da vías e iniciamos o arranxo da estrada de Mercurín, e non foi sen tempo. Lémbrense como se tentou enganar a xente pintando liñas mareas no firme a mesma semana das votacións. Axilizamos a tramitación do PXOM coa aprobación inicial, negociando as propostas do grupo municipal do BNG, pois estas eran razoables, prácticas e asumibles. Un PXOM que si conseguimos saltar o bloqueo que promoven podería quedar aprobado a finais deste mandato. Cantas veces se reuniu vostede, señor Regos, co equipo redactor cando era alcalde. Melloras nas rúas da vila: Reverencia, Alfonso Senra, Nova, ...etc.; e resolvemos a rotura da vía no entronque da rúa Canteira con Ramón Ferreiro, onde tantas veces se tivo que actuar. Ampliamos aparcamento entre Alfonso Senra e o Centro de Saúde, negociando cos titulares a súa cesión gratuíta. Melloras nos colexios por mais de 500.000 euros. Arranxo de pistas nas parroquias, e ben sei que quedan moitas por facer. Moitas mais das que nos gustaría. Pero non por iso vamos empeñar o concello. Faranse ao ritmo que se poidan asumir. Ampliación da programación cultural, non desvíe a atención. Axilización das parcelarias e arrancam os compromisos de comezar Poulo. Conseguíuse ampliar o aparcadoiro e mellora os accesos no tanatorio municipal. Contaremos con unha inversión de mais de 200.000 euros no camiño inglés ao paso polo noso concello, e teremos un albergue en Poulo antes de rematar o ano 2019. Insistiremos en poder acadar o crédito para asinar o convenio e construír o centro sociocomunitario Isabel Zandal na rúa Campomaioir ao pe da entrada do paseo fluvial. Melloras nas instalacións e nas actividades da piscina Iván Raña, e tamén na descuberta do Muíño. Acadamos que o Ministerio de Fomento resolvera a travesía de Montaos, con un novo desvío a Queis; e xa está presentado o proxecto para a execución de unha rotonda na entrada da vila, agardando que poida ser unha realidade en 2019. Incrementos as partidas as escolas deportivas, a escola de música, a banda de música, e aspiramos cos orzamentos a comezar axudas para deportistas individuais e subvencionar a clubs recentes que están a desenvolver unha gran labor en moi pouco tempo, levando o nome de Ordes por aí adiante e colleitando numerosos éxitos. Acadamos a execución de novos puntos de auga nas parroquias, que poden chegar a un total de trece antes do ano 2019. Resolveuse a financiación do 100% da ponte de Pereira e da ponte de Vilamaioir, e en esta anualidade, optamos a ponte de Lesta e a ponte de Esmorís, que estaba na súa petición de orzamentos. O CEIP Campomaioir conta con un ximnasio de case 300 m² e mellorouse o resto do pavillón. E despois de moito tempo, logrouse que a Deputación da Coruña execute a senda da Brea ata o límite con Cerceda. Isto é un logro dos grupos alí representados. Asistiu ao pleno e viu os pasos, recórdalle que todo partiu dun informe que se pediu a tráfico para xustificar a primeira demanda que nos trasladou o grupo político do PP da Deputación para que esa senda se puidese incluír no plan de sendas peonís 2016. Iso foi así. E despois logrouse acadar a senda que comunique Ordes co Outeiro de Poulo, para ter unha ruta atractiva e segura dende o camiño inglés coa vila de Ordes, que poderá verse antes do ano 2019. Nada disto fixeran antes. Xamais. Porque non querían, porque non sabían ou porque non lles interesaba. Ou, se cadra, polas tres razóns ao mesmo tempo. Porque, repito, non



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

Ile interesaban os veciños. Non quería saber nada deles. E así lle foi a Ordes. Oito anos perdidos. Pero hai máis. Vendo que o actual Goberno local do Partido Popular foi quen de poñer a Ordes no mapa, desenvolvendo unha xestión rigorosa, honesta e transparente, saneando o Concello e respondendo ás demandas dos veciños, entroulle o pánico. Saben que deste xeito se lle esfuma calquera mínima posibilidade de volver á Alcaldía. E puxo en marcha unha estratexia de demolición controlada deste Goberno. Buscou a complicidade dos dous concelleiros tránsfugas que abandonaron o PP, unha vez máis pido desculpas aos veciños por ter incluído nas listas do PP a dúas persoas que non eran merecedoras dilo, e forzaron vostedes un Pleno extraordinario para aumentar os seus ingresos. Coido que non é preciso recordar as cifras do turno de presentación da cuestión de confianza. Bueno, quizais si: Onde antes se cobraban 200 euros en maio cobrou 600 euros. Onde antes se cobraban 100 euros, concelleiro non adscritos, en maio cobráronse 450 euros. E todo iso, insisto en menos de 30 minutos de traballo escoitando aos técnicos municipais. Pensaban que nós estabamos aquí por cartos e pensaban que baixándonos o soldo poderían dobregarnos. Pero xa ven que non é así. Non todos somos iguais. Nosoutros somos persoas honestas e íntegras. Oxalá todos puidesen dicir o mesmo mirándose aos ollos. Somos xente de principios; a nosa folla de ruta, insisto, seguiremos a dicilo cada vez que se nos pregunte, é o noso programa electoral, o compromiso que adquirimos cos veciñas e veciños de Ordes, cos que nos votaron e cos que optaron por outras ofertas electorais. Desde o Concello procuramos gobernar con todos e para todos. Vostedes tampouco poden dicir o mesmo. Dende o 1 de marzo estamos a loitar día a día. Nos seguimos a facer o traballo, que tanto airearon que ían a facer vostedes, a aínda así non lograron de momento bloquear o funcionamento de este concello. E como non nos dobregaron, tentan por todos os medios ao seu alcance boicotear o noso labor. Pero a veciñanza sabe que boicoteando ao equipo de Goberno, boicotean tamén ás veciñas e veciñas. O paso do tempo pon a cada un no seu sitio. Téñano claro. A nos e a vostedes. Agora resulta que ata facer oposición lles vén grande e, por iso, necesitan asesoramento externo. Alguén que lles faga os papeis, vamos. Nada que obxectar, naturalmente. Resulta curioso quen é ese asesor. E resulta tamén, canta casualidade, que aos concelleiros tránsfugas tamén da a sensación que lles fai os papeis a mesma persoa. Aquí todos nos coñecemos. UXO e os tránsfugas semella comparten asesor. Pero é que nin con asesores nin sen eles resultan vostedes cribles. Non hai máis ca recordar a tropelía que pretendían coas emendas ao proxecto de Orzamento. É que vostede na súa segunda intervención segue a insistir que se podían xustificar e que eran defendibles. Segue a falar unha vez máis de por que se minorara a partida de educación, nesa anualidade houbo que pagar dúas veces as becas por que se tramitaron tarde. Di o refraneiro que non hai dous sen tres. Eu mesmo engadiría catro: Entorpeceron a constitución da Corporación Municipal. Animaron aos tránsfugas. Incluso lles prepararon o terreo co escrito de renuncia con puntos e comas. Subíronse as asignacións e recortaron as do goberno. E agora tratan de impedir a nosa xestión boicoteando o Orzamento 2017. As veciñas e veciños de Ordes saben que cos seus impedimentos para a aprobación dos Orzamentos do Concello para 2017 están impedindo acometer proxectos esenciais e longamente agardados. Ata aquí chegamos. Dado que vostedes se empeñan en impedirnos traballar, non nos quedou máis remedio ca formular hoxe esta cuestión de confianza vinculada a aprobación dos orzamentos. Agora remata o debate con esta intervención e vaise a votar de forma nominativa, o explicará o Sr. Secretario. Si non prospera, teñen vostedes un mes para articular unha alternativa. Veremos se son quen de facelo. Xa sei que ven utilizar todo tipo de argucias. En calquera caso, os homes e mulleres de Ordes, pero tamén as concelleiras e concelleiros que integran esta Corporación, deben saber que con esta cuestión de confianza, se dilucida moito máis ca os Orzamentos de 2017. Con esta cuestión de confianza, Ordes elixe entre a xestión rigorosa, honesta e transparente do actual Goberno local do PP, ou a política do gastar por gastar, e sen importar para o qué, de UXO. Como alcalde reitero o dito cando tomei posesión: o



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 30

meu único obxectivo, onte, hoxe e mañá, se teño ocasión, é o de servir ao interese xeral dos veciños e veciñas de Ordes.

Polo Sr. Secretario procédese a dar lectura ao art. 197.bis.2 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, que establece: A presentación da cuestión de confianza vinculada ao acordo sobre algún dos asuntos sinalados no número anterior figurará expresamente no correspondente punto da orde do día do Pleno, requiríndose para a adopción de devanditos acordos o quórum de votación esixido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, para cada un deles. A votación efectuarase, en todo caso, mediante o sistema nominal de chamamento público. Así mesmo da lectura ao art. 49: tipos de votación, do Regulamento orgánico municipal, que sinala: As votacións poden ser ordinarias, nominais e secretas. Son ordinarias as que se manifestan por signos convencionais de asentimento, disentimento ou abstención. Son nominais aquelas votacións que se realizan mediante chamamento por orde alfabético de apelidos e sempre en último lugar o Alcalde e na que cada membro da Corporación, ao ser chamado, responde en voz alta si, non ou me absteño. Por último, infórmase que para a adopción do acordo, de conformidade co establecido no art. 47.1 e 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, requírese a maioría simple dos membros presentes.

Seguidamente polo Sr. Secretario procédese a efectuar o chamamento aos Srs. Concelleiros, que á pregunta de se outorgan ao Sr. Alcalde a confianza vinculada a aprobación dos orzamentos municipais, exercicio 2017, responden:

- | | |
|--------------------------------------|-----|
| • LUIS CAAMAÑO FRAGA | NON |
| • PAULA CASTENDA BLANCO | NON |
| • SUSANA GARCÍA GÓMEZ | SI |
| • JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL | NON |
| • ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS | NON |
| • LUCÍA IGLESIAS MIRÁS | NON |
| • ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA | NON |
| • SILVIA MARÍN PEREIRO | NON |
| • BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL | NON |
| • JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ | SI |
| • MANUEL REGOS BOQUETE | NON |
| • JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ | SI |
| • ANA M ^a SONEIRA LIÑARES | SI |
| • GONZALO VEIRAS CARNEIRO | NON |
| • PABLO VIDAL RÍOS | NON |
| • JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO | SI |

O Sr. Secretario declara que por maioría simple de once (11) votos en contra, cinco (5) votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, non se entende outorgada a confianza ao Sr. Alcalde, vinculada a aprobación dos orzamentos municipais, exercicio 2017. De conformidade co establecido no art. 197.bis.5 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, os membros da Corporación, dende o día de hoxe, dispoñen do prazo dun mes para a presentación dunha moción de censura, cun candidato alternativo a Alcalde.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 31

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e dúas horas e cincuenta e oito minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO